



Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais

Traballo de
fin de grao

Análise económico -
financiero do sector
acuícola

Cristina Nogueiras Brea

Xuño 2015

Resumo

Galicia conta cunha gran costa, o que a converte nun lugar ideal para levar a cabo todo o relacionado co sector pesqueiro. Neste caso, está centrado no sector acuícola, importante na economía galega tanto por pertencer ao sector pesqueiro como pola súa relevancia e importancia na economía galega. A pesar disto, é un sector fortemente afectado por diversos aspectos como pode ser o furtivismo ou as mareas vermellas que fan que non se poida vender toda a produción que se esperaba.

Ademais disto, elaborei un estudo económico financeiro da empresa Jesús Portelo e Hijos, S.L comparando os resultados obtidos coa media do sector en Galicia. Os datos da media do sector sácoos da agregación das 55 empresas galegas, con dedicación a acuicultura mariña, a través da base de datos Sabi dos anos 2010, 2011, 2012 e 2013 e fago a comparación entre ambos para comprobar o estado dunha das empresas máis relevantes da costa galega.

A través da análise de diferentes ratios e porcentaxes vese reflectido, tanto no sector, coma na empresa Jesús Portela e Hijos, a situación económica e financeira que se describe con anterioridade.

O traballo consta de 10.000 palabras.

Índice

Resumo.....	2
Índice.....	3
Índice de abreviaturas.....	4
Índice de táboas.....	5
Índice de gráficos.....	6
Introducción.....	7
1 Introducción.....	7
2 Metodoloxía.....	8
Planificación.....	9
Desenvolvemento do traballo.....	10
1 Acuicultura.....	10
1.1. A Acuicultura en España.....	10
1.2. A Acuicultura en Galicia.....	12
1.3. O sector do mexillón en Galicia.....	16
2 Análise dos estados financeiros do sector da acuicultura.....	19
2.1. Análise porcentual e de tendencias.....	21
2.2. Situación financeira a c/p.....	30
2.2.1. Ratios a curto prazo.....	30
2.2.2. Rotacións e prazos.....	30
2.3. Situación financeira a l/p.....	32
2.4. Análise de rendibilidade.....	32
2.2.1. Rendibilidade económica.....	32
2.2.2. Rendibilidade financeira.....	33
2.2.3. Efecto panca.....	34
2.5. Análise do risco financeiro.....	35
3. Análise dos estados financeiros da empresa Jesús Portela e Hijos.....	35
3.1. Descrición da empresa.....	35
3.2. Análise porcentual e de tendencia.....	37
3.3. Situacións financeira a c/p.....	43
3.3.1. Fondo de rotación.....	43
3.3.2. Ratios a c/p.....	44
3.3.3. Rotacións e prazos.....	44
3.4. Situación financeira a l/p.....	46
3.5. Análise da rendibilidade.....	46
3.5.1. Rendibilidade económica.....	46
3.5.2. Rendibilidade financeira.....	47
3.5.3. Efecto panca.....	48
3.6. Análise do risco financeiro.....	49
Conclusións.....	50
Bibliografía.....	52

Índice de abreviaturas

FAO: Organización de las Naciones Unidas para la Alimentación y la Agricultura
TIC: Tecnologías de la información y las comunicaciones
PIB: Producto Interior Bruto
UE: Unión Europea
SABI: Sistema de Análise de Balances Ibéricos
CNAE: Clasificación Nacional de Actividades Económicas
C/P: Curto prazo
L/P: Longo prazo
AC: Activo corrente
ANC: Activo Non Corrente
PN: Patrimonio Neto
PC: Pasivo corrente
PeG: Perdas e Ganancias
RS: Ratio de Solvencia
RL: Ratio de Liquidez
RT: Ratio de Tesourería
PV: Prazo de venta
Pc: Prazo de cobro
Pp: Prazo de pago
PMMT: Período Medio de Maduración Técnico
PMMF: Período Medio de Maduración Financeiro
RG: Ratio de Garantía
BAT: Beneficio antes de impostos
PNC: Pasivo non corrente
BN: Beneficio Neto
Re: Rendibilidade económica
Rf: Rendibilidade financeira
ATMedio: Activo Total Medio
GF: Gastos Financeiros
BAIT: Beneficio Antes de Intereses e Impostos
JPeH: Jesús Portela e Hijos, S.L
APROMAR: Asociación Empresarial de Productores de Cultivos Marinos de España

Índice de táboas

- Táboa 1: Análise DAFO da Acuicultura en Galicia
- Táboa 2: Distribución das bateas por ría
- Táboa 3: Balance de situación do grupo de referencia 2010-2013.
- Táboa 4: Conta de perdas e ganancias do grupo de referencia 2010-2013
- Táboa 5: Porcentaxes verticais do balance de situación do grupo de referencia 2010 – 2013
- Táboa 6: Porcentaxes horizontais do balance de situación do grupo de referencia 2010-2013
- Táboa 7: Porcentaxes verticais da conta de perdas e ganancias do grupo de referencia 2010-2013
- Táboa 8: Porcentaxes horizontais da conta de perdas e ganancias do grupo de referencia 2010-2013
- Táboa 9: Ratios a c/p do grupo de referencia 2010-2013
- Táboa 10: Rotacións do grupo de referencia 2010-2013
- Táboa 11: Prazos do grupo de referencia 2010-2013
- Táboa 12: Ratios a l/p do grupo de referencia 2010-2013
- Táboa 13: Rendibilidade económica do grupo de referencia 2010-2013
- Táboa 14: : Rendibilidade financeira do grupo de referencia 2010-2013
- Táboa 15: Efecto panca para o grupo de referencia 2010-2013
- Táboa 16: Apancamento financeiro do grupo de referencia 2010-2013
- Táboa 17: Balance de situación da empresa Jesús Portela e Hijos 2010-2013 e sector 2013
- Táboa 18: Conta de Perdas e Ganancias da empresa Jesús Portela e Hijos, S.L 2010-2013 e sector 2013
- Táboa 19: Porcentaxes verticais do balance de situación da empresa 2010-2013 e do sector 2013
- Táboa 20: Porcentaxes verticais da conta de perdas e ganancias da empresa 2010-2013 e do sector 2013
- Táboa 21: Porcentaxes horizontais do balance de situación da empresa 2010-2013 e do sector 2013
- Táboa 22: Porcentaxes verticais da conta de perdas e ganancias da empresa 2010-2013 e do sector 2013
- Táboa 23: Fondo de rotación da empresa JPeH 2010-2013
- Táboa 24: Ratios a c/p de JPeH 2010-2013 e do sector de 2013
- Táboa 25: Rotacións de JPeH 2010-2013 e sector 2013
- Táboa 26: Prazos de JPeH 2010-2013 e sector 2013
- Táboa 27: Ratios a l/p de JPeH 2010-2013 e sector 2013
- Táboa 28: Rendibilidade económica de JPeH 2010-2013 e do sector 2013
- Táboa 29: Rendibilidade financereira de JPeH 2010-2013 e do sector 2013
- Táboa 30: Efecto panca 2010-2013 de JPeH e do sector 2013
- Táboa 31: Apancamento financeiro de JPeH 2010-2013 e do sector 2013

Índice de gráficos

Gráfico 1: Empleo Acuicultura España 2002-2013

Gráfico 2: Establecimientos de Acuicultura en España 2002-2013

Gráfico 3: Empleo Acuicultura Galicia 2002-2013

Gráfico 4: Traballadores acuicultura Galicia 2013

Gráfico 5: Producción en € da Acuicultura

Gráfico 6: Lugar de Consumo da produción acuícola en Galicia

Gráfico 7: Distribución bateas por ría

Gráfico 8: Rendibilidade económica do grupo de referencia 2010-2013

Gráfico 9: Rendibilidade financeira do grupo de referencia 2010-2013

Gráfico 10: Rendibilidade económica de JPeH 2010-2013 e sector 2013

Gráfico 11: Rendibilidade financeira de JPeH 2010-2013 e sector 2013

Introducción

1 Introducción

O obxectivo deste traballo é realizar unha análise económica financeira do sector da acuicultura estudando a evolución e situación dos últimos 4 anos. E, por último, elaborar un estudo dun caso dunha importante empresa galega. Máis concretamente, en primeiro lugar, preténdese facer unha análise do contexto económico no que se atopa o sector da acuicultura na última década. Para iso, estudamos as principais características do sector en España e en Galicia. Ademais, apoiámonos en gráficos para visualizar máis doadamente a información.

En segundo lugar, quérese coñecer a situación deste mercado acuícola no período comprendido entre 2010-2013. Para poder desenvolver a análise de forma axeitada estableceuse un grupo formado por 55 empresas galegas, a través das cales se fai o estudo do sector acuícola para a súa posterior comparación coa empresa. Para iso, centreime principalmente na composición do activo, pasivo e na conta de resultados. Estudei mediante diferentes ratios a súa situación financeira a curto e l/p, a rendibilidade tanto económica como financeira e o risco financeiro.

Por último, preténdese coñecer como está a situación da empresa *Jesús Portela e Hijos, S.L* en comparación co sector. Para iso, levamos a cabo unha análise apoiándonos nos resultados obtidos no estudo do sector mediante o cálculo de ratios, rendibilidades, e algunha gráfica.

2 Metodoloxía

Para a elaboración deste traballo recompiláronse os datos a través de diferentes fontes. Para a contextualización económica, Internet foi unha ferramenta fundamental para conseguir información de datos referentes ó sector acuícola; manexando diferentes informes elaborados polo INE, o Sector do Mexillón Galego, Asociación Empresarial de Produtores de Cultivos Marinos de España (de aquí en adiante, APROMAR)


En canto á análise dos estados contables do sector e da empresa empregouse a base de datos Sabi para obter a información. Para recoller os datos do sector a través de Sabi utilizáronse os seguintes criterios para acoutar a busca:

- ✓ Empresas establecidas en Galicia
- ✓ Actividade segundo código CNAE 0321 Acuicultura Mariña
- ✓ Estado: Activas
- ✓ Tipo de contas e dispoñibilidade de anos: 2013, 2012, 2011 e 2010

Baixo estes criterios obtivéronse 55 empresas (como anexo preséntase unha listaxe coas empresas que o compoñen) que forman o sector que se analizará no segundo apartado. Os estados contables dos que se toman os datos están en formato Plan Xeral Contable do ano 2007; obtivemos o Balance e a Conta de PeG do sector dende o ano 2010 ata o 2013.

Unha vez recollidos os datos de Sabi da empresa *Jesús Portela e Hijos* e do sector empregamos follas de cálculo para realizar a análise. Elaboráronse dous libros en formato Excel, un para a empresa e outro para o grupo analizado. Partindo da información dos balances e da conta de PeG realizáronse os cálculos necesarios para poder levar a cabo a análise.

Planificación



Desenvolvemento do traballo

1 A acuicultura

Segundo a Organización de las Naciones Unidas para a Alimentación e a Agricultura (de aquí en adiante, FAO), a acuicultura é a cría de organismos acuáticos, comprendidos peixes, moluscos, crustáceos e plantas. A cría supón a intervención humana para incrementar a produción e ter a propiedade das poboacións de peixes que se están cultivando. (FAO)

A acuicultura naceu fai 4000 anos, aínda que o tan só fai 50 anos que se converteu nunha das actividades socioeconómicas máis importantes, pois consegue dar emprego a máis de 12 millóns de persoas en todo o mundo. Ademais, é un actividade que é utilizada, ademais de para consumo humano, para a produción de produtos farmacéuticos, produción de biocombustibles, pesca deportiva, repoboación do medio natural, acuariofilia e incluso para dar apoio á investigación científica (Apromar, 2014).

A produción acuícola estivo a medrar ao dobre do que o estaba a facer a poboación mundial ao longo dos últimos 50 anos. Nos últimos anos a acuicultura daba traballo entorn a 12 millóns de persoas en todo o mundo, das cales, entorn ao 15% son mulleres. Os principais países produtor de acuicultura son China e Indonesia. España ocupa o lugar 21º en canto á produción (2640161 toneladas en 2012) e o posto o posto 29º en canto ao valor económico (395 millóns de euros en 2012). (Apromar, 2014).

Dentro da acuicultura podemos encontrarnos con dúas variantes, a mariña e a continental. A mariña produce especies como poden ser a dourada, o rodaballo, o mexillón, o berberecho... Namentres a continental produce troita e esturión principalmente (Hei Grupo, 2010).

1.1. Acuicultura en España

A acuicultura moderna iniciase en España polas empresas Finisterre Mar e Tinamenor, S.A, dúas empresas privadas que comezaron o cultivo de moluscos na década dos anos 70, fai pouco máis de 4 décadas. En España podemos diferenciar dous tipos de acuicultura, a continental e a mariña. Na acuicultura continental destaca a produción de troita mentres que na acuicultura mariña destaca a produción de peixes como a dourada, a lubina e o rodaballo. Ademais, na acuicultura mariña tamén destaca a produción de moluscos sendo o mexillón a especie de maior produción da acuicultura en España. (FAO)

Durante a década dos anos 80, o sector da acuicultura centrábase en empresas pequenas e familiares, e destacaba o cultivo de troita e de mexillón. A partir da década dos 90 aparecen os cultivos de rodaballo, dourada e lubina. (Gonzalez Laxe, 2004)

Segundo datos do Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente, de agora en adiante MAGRAMA, no ano 2013, a acuicultura española produciu 249.240 toneladas de cultivo, dos cales o 94% se corresponde coa acuicultura mariña e o 6% coa acuicultura continental.

O cultivo que máis aumentou nestes últimos anos foi o cultivo de rodaballo, mentres que o cultivo de dourada se duplicou nos últimos 10 anos. Sen embargo, a lubina seguiu un incremento continuado nas últimas décadas alcanzando en torno as 14.500 toneladas no ano 2013.

Por outro lado, cabe destacar a importancia do mexillón, cuxa produción superou as 188 mil toneladas e que representa o 76% da produción nacional. Así mesmo, equivale a 80,5 millóns de euros, supoñendo o 21% do valor da produción acuícola total no 2013. (FAO)

As principais rexións onde se centra a acuicultura son Andalucía, Galicia e Cataluña. Na zona galega e cantábrica destacan os moluscos e o rodaballo. Na zona mediterránea e Sur-Atlántico predomina a produción de lubina e dourada.

A nivel de España, no ano 2013 había 18.505 persoas traballando en este sector, o que representa unha baixada dun 26% dende o ano 2002 (25.627 persoas) e un 35% menos que no ano 2009, onde se rexistrou o maior número de persoas traballando na acuicultura española, 28.882 persoas. Do total de persoas empregadas na acuicultura en España no ano 2013, 10.085 facíano de forma autónoma, é dicir, persoas non asalariadas, fronte ás 8.720 eran persoas asalariadas, por conta allea. (MAGRAMA)




Gráfico 1: Emprego na Acuicultura española 2002-2013. Fonte: Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente

No referente ao número de establecementos, en España había no ano 2012, 5.218 establecementos adicados á acuicultura. O maior número de establecementos produciuse no ano 2007 con 5.313. No ano 2013 había 5.025 establecementos de acuicultura, o que representa un 5% menos de establecementos en 2013 con relación ao ano 2007. Dos establecementos de acuicultura do ano 2013 (5.025), 163 correspondíanse con establecementos en auga doce, 89 eran establecementos en enclaves naturais, 1.150 establecementos de cultivo horizontal, 3.579 establecementos de cultivo vertical e 44 establecementos de cultivo en xaulas. O que fan un total de 4.847 establecementos de acuicultura mariña e 178 de acuicultura continental. (MAGRAMA)




Gráfico 2: Número de establecimientos de acuicultura 2002-2013 Fuente: Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente

1.2. ACUICULTURA EN GALICIA

Galicia conta cunha frota pesqueira caracterizada pola súa gran diversidade en arte de pesca e captura e ten presenza en case todos os caladoiros importantes do mundo. Sen embargo, ao longo da costa galega, a súa frota e o emprego non son uniformes, pois en función do porto e da zona costeira téñense unhas determinadas características (A Fundación, 2013)

A acuicultura galega supón case o 40% do total de produción nacional, sendo as súas principais producións o mexillón, o rodaballo, a almexa xaponesa e a troita (Magrama, 2015)

Ao igual que sucedeu a nivel mundial e de España, a acuicultura galega adquiriu unha gran relevancia nas últimas 4-5 décadas. Galicia conta con importantes vantaxes para esta actividade, entre as que podemos destacar os quilómetros de costa, a orografía e as temperaturas. (Fernández Casal, 2013)

Análise DAFO da acuicultura en Galicia

DEBILIDADES	AMENAZAS
<p>Lei de costas A pesar do bo potencial que posee a costa galega, non sabemos aproveitalo para un crecemento Escasa exportación Elevados custes de produción polo que é difícil competir con vantaxe en custes Acuicultura con mala imaxe polos aditivos que consumen os animais nas granxas e criadeiros Os problemas medioambientais tales como mareas vermellas, mareas negras, contaminación... Falta de persoal cualificado Escaso número de especies continentais Falta de TICs Excesiva concentración na produción de Mexillón</p>	<p>Movements ecoloxistas Controis medioambientais Competencia con outras comunidades españolas, con países europeos e co resto do mundo Incremento dos prezos das materias primas Competencia desleal Pescado de mala calidade que diminúa reputación do pescado galego Concentración da demanda Sector afectado pola baixada do consumo en situacións de crise Actividades como o furtivismo ou a pesca ilegal Comercialización ilegal Competencia polos espazos acuáticos e as augas Requisitos ambientais, sanitarios e de benestar animal Mercado atractivo para terceiros países Idea negativa sobre a acuicultura para consumidores</p>
FORTALEZAS	OPORTUNIDADES
<p>A costa galega ten máis de 1.100 km En Galicia hai unha importante tradición pesqueira Galicia é recoñecida pola imaxe que mostra sobre os seus selos de garantía e calidade Galicia é líder europeo en produción de mexillón, líder mundial en produción de rodaballo, primeiro produtor de besugo e principal produtor de troita en España Sector con posibilidade de crecemento en produción Valor nutritivo do pescado como alimento Elevado consumo per cápita Consideración dos alimentos acuáticos como saudables Posibilidade de ofertar os produtos en calquera época do ano</p>	<p>Boas características orográficas como poden ser a temperatura ou o pH Lugar idóneo para os novos cultivos mariños e a repoboación mariña Aumento da demanda mundial de produción acuícola É un sector en expansión É unha importante fonte de emprego no litoral galego Diversidade de produtos e a súa variedade para a comercialización (en conserva, ao natural, fileteada, afumada...) Posibilidade de crecemento e de produción de novas especies mediante acuicultura Vinculación da acuicultura con actividades turísticas e de ocio Acuicultura como sector estratéxico Percepción dos consumidores de adquirir hábitos de consumo saudable aumentando o consumo de peixe</p>
<p>Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente , 2013 Consejo del Mar de CEOE, 2014 Fernández Casal, 2013</p>	

Táboa 1: Análise DAFO da Acuicultura en Galicia.

No ano 2013, Galicia contaba co 99% da produción de rodaballo de España, o 100% da produción de besugo, o 87.5% da produción de linguado e o 24% da produción de troita. Pero sen dúbida, o cultivo máis importante co que conta Galicia é o mexillón. (APROMAR, 2014)

O sector primario e secundario en Galicia representan o 31% do PIB. Tendo en conta só estes dous sectores, no 2012, o sector pesqueiro era o cuarto con maior presenza na economía galega. Tan só se atopaba por detrás do sector de enerxía eléctrica e gas, o sector da agricultura e gandería e o sector do automóbil. (IGE,2015)

Ao longo destes últimos anos, dende o comezo do século XXI, a produción de acuicultura está a medrar de media anual un 1.6%, na mentres o valor engadido se mantivo estable, oscilando entre os 600 e os 700 millóns de euros anuais. Así mesmo,

o 56% da produción de acuicultura utilízase para pagar bens e servizos necesarios para levar a cabo a acuicultura. (IGE, 2015)

O emprego na acuicultura galega situouse durante o século XXI entono as 20.000 persoas. Nos primeiros anos non había unha tendencia clara, pero entre o ano 2005 e o 2009 observouse unha tendencia crecente, coa excepción do ano 2008, no que se vira reducida en case mil persoas con respecto ao ano anterior. Despois dun crecemento do 32% entre 2005 e 2009, aparece unha tendencia decrecente, pois nos últimos 5 anos o emprego de persoas na acuicultura galega está a diminuír de forma considerable. No ano 2009 a acuicultura contaba con 25.158 persoas empregadas e no ano 2013 esa cifra era de 15.154 persoas, o que significa un descenso de case un 40%. (MAGRAMA)




Gráfico 3: Emprego na Acuicultura galega 2002-2013. Fonte: Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente

En termos de comparación con España, en Galicia sitúase o 80% das persoas empregadas no sector acuícola.

Das persoas ocupadas no ano 2013, 5295 persoas eran traballadoras por conta allea, mentres 9.859 eran persoas non asalariadas, que traballaban por conta propia.




Gráfico 4: Traballadores Acuicultura Galega no ano 2013. Fonte: Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente

En canto a produción acuícola en Galicia, o ano no que se obtivo maior produción en termos monetarios foi no 2006, onde a produción superou os 214 millóns de euros. A partir de 2006, o valor da produción foi diminuindo ata alcanzar no 2009 os 175 millóns de euros. Entre 2009 e 2011 a produción acuícola seguiu unha tendencia crecente ata os 195,6 millóns de euros. A peor cifra do presente século obtívose no 2012 cunha produción total de 164 millóns de euros. (MAGRAMA)




Gráfico 5: Producción en € da Acuicultura Galega no período 2002-2013. Fonte: Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente

No ano 2013, a produción acuícola situouse en 171,3 millóns de euros. Na propia comunidade consumíronse entón os 104 millóns de € (61% da produción), en países da UE 34,7 millóns de € (20%) e en España 24,3 millóns de euros (14%). O resto, 8 millóns, foron consumidos fóra da UE.

En Galicia obtíñase o 35% de toda a produción acuícola española.




Gráfico 6: Lugar de Consumo da produción de Acuicultura Galega . Fonte: Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente

No referente ao número de barcos adicados á acuicultura, Galicia conta con 1273 distribuídos entre as súas rías. A máis importante é a ría de Arousa con 892 buques destinados a este sector, seguido da ría de Coruña–Ferrol con 162 e a continuación a ría de Vigo con 103 barcos. (A Fundación, 2013)

1.3. SECTOR DO MEXILLÓN EN GALICIA

Galicia sempre estivo moi vinculada co cultivo do mexillón. Como xa indica o Consello Regulador do Mexillón de Galicia, no século VIII a.C os celtas xa se beneficiaban do consumo deste marisco pois nos exteriores de castros e aldeas da época atopábanse cunchas de mexillón e outros moluscos. Ata o ano 1945 o mexillón procedía de determinados parques ou zonas que certas familias tiñan nas zonas costeiras. Foi no ano 1945 cando empeza a aparecer o que hoxe se entende como cultivo propiamente do mexillón, pois nese ano aparece a primeira batea na ría de Arousa que contaba cun flotador de madeira da que, a través dun entramado de madeira, colgaba unha corda de esparto cru. Dado o “bo resultado” no ano seguinte colocáronse 10 bateas no porto de Vilagarcía de Arousa. Nos anos posteriores, as bateas irían instalándose en localidades próximas como Vigo, Cambados, O Grove.... A mediados da década dos 50, as bateas aparecerían tamén na costa coruñesa, nas rías de Sada e Muros, servíndolle aos concellos costeiros como actividade crucial para a súa economía.

Hoxe en día as bateas contan con estruturas diferentes, e formas de cultivar máis modernizadas. Pois as bateas que se usan na produción de mexillón foron recubertas con cemento para que unha maior seguridade e por suposto para que aguantasen máis anos.

Actualmente, Galicia conta con máis de 3.300 bateas para o cultivo de mexillón, distribuídas na súa costa e facendo que sexa un dos principais produtores deste molusco a nivel mundial.

O cultivo do mexillón realízase en 5 etapas. A primeira é a de obtención da semente. Isto realízase a partir de poboacións naturais e das cordas que se atopan nas propias bateas. Cando hai marea baixa, pódese recoller entornando aos 1.500kg de xuvenís en zonas rochosas. Por cada ciclo de cultivo recóllense 4500 toneladas de sementes. Estas sementes colócanse nas cordas que penduran das bateas. A segunda etapa consiste na colocación dos xuvenís nas cordas de forma manual ou mecánica. Para a colocación utilízase unha rede de algodón que se desintegrará os poucos días cando xa os mexillóns se uniron á corda. Posteriormente, pasase á fase de desdobre que se leva a cabo cando as cunchas teñen un tamaño de 5 cm. Nesta fase, búscase que os mexillóns medren e evitan que os mexillóns caian da corda en malas condicións meteorolóxicas. Tras esta fase, as cordas xa pesan uns 50 kg. A continuación, a seguinte etapa é a de engorde na que as cunchas alcanzan os 10cm logo de pasar 9 meses dende que se introduciron nas cordas. Finalmente, a última etapa é a de colleita. Isto é máis abundante entre os meses de outubro a marzo, cando a súa comercialización é maior. Para a elevación das cordas aos barcos, utilízase unha grúa para a separación e clasificación do produto en función do seu tamaño. A produción media por m² de batea é de 130kg e cada batea produce entre 20 e 100 toneladas. Así mesmo, en cada corda obtéñense 10kg de mexillón.

O mexillón aliméntase do fitoplancto que se atopa na propia auga do mar e que filtra chegando aos oito litros de auga por hora.

O cultivo realízase nas rías de Vigo, Pontevedra, Arousa, Muros-Noia e Areas-Betanzos, sumando entre elas aproximadamente unha lonxitude de 115 km e unha superficie de 742 km. A distribución das bateas en función das rías distribúese da seguinte forma:

RÍA	POLÍGONO MEXILLÓN	Nº BATEAS	PORCENTAXE BATEAS
ARES - BETANZOS	2	103	3,09%
MUROS - NOIA	3	118	3,54%
AROUSA	22	2292	68,68%
PONTEVEDRA	8	346	10,37%
VIGO	12	478	14,32%
TOTAL	47	3337	100,00%

Táboa 2: Distribución das bateas por ría. Fonte Consello Regulador do Mexillón de Galicia

A ría máis importante para o cultivo é a Ría de Arousa, que conta con case o 70% das bateas (2.292 bateas), seguida da Ría de Vigo con 14,3% (478 bateas).




Gráfico 6: Distribución Bateas por Ría. Fonte: Consello Regulador do Mexillón de Galicia

Unha das vantaxes coas que conta o sector do mexillón é que necesita de outros sectores tanto mariños como servizos, pois por exemplo necesita do traballo dos artelleiros, de centros de depuración para evitar que se venda en mal estado, ... Así mesmo necesita de empresas para a transformación do produto, pois é un marisco que se vende fresco, conxelado, en conserva...

O principal problema ao que se enfrenta este sector son as biotoxinas ou “marea vermella” causantes de importantes enfermidades. As biotoxinas son producidas por algas do fitoplancton, o principal alimento dos mexillóns, que mediante a filtración da auga, fan que se absorba tamén a toxina. Esta toxina soporta todo tipo de temperaturas e non se coñece ningún produto ou antídoto que faga que o molusco non se vexa afectado por este problema. Este é un problema cada vez máis persistente, afectando cada ano a máis bateas. O ano 2013 foi un mal ano para o sector por este motivo xa que se perdeu a campaña de Nadal caendo a produción un 20% con respecto ao ano 2012. Ademais fixo que no 2014, entre abril e xuño, a maioría das bateas permanecesen cerradas. Cando empezaban a recuperar a normalidade, tras a apertura no mes de xullo, a mediados de agosto tiveron que volver a cerralas. Isto provocou unha gran caída das vendas, xa que o mexillón estaba no seu mellor estado para a comercialización, e viuse sometido a importantes perdas. Tan só en febreiro, marzo, xullo, novembro e decembro foron quen de traballar nas bateas con normalidade, o resto do ano tiveron cerrados a maioría dos polígonos bateeiros. A pesar diso, o repunte de novembro e decembro, con un importante ritmo de traballo, conseguíuse reabastecer o mercado conseguindo reducir o dano que apuntaba a ser irremediable.

No presente 2015, vólvese a repetir a situación, pois aínda que algún polígono bateiro conseguiu manterse aberto, a finais de abril, todos os polígonos bateiros se atopaban pechados.

2 Análise dos estados financeiros do sector da acuicultura

Os estados contables dos que se toman os datos están en formato Plan Xeral Contable do ano 2007.

Chegados a este punto procedemos á composición dun mini-sector formado polas 55 empresas pertencentes ao sector da acuicultura mariña en Galicia. A información sobre as mesmas obtívose da base de datos Sabi. A partires destes datos obtivemos o Balance e a Conta de PeG do sector que nos van servir para coñecer a situación actual do mesmo, e sobre todo como grupo de referencia á hora de analizar a situación de Jesús Portela e Hijos.

O período temporal de análise abarca catro anos consecutivos (2010 a 2013) representando unha mostra significativa que permitirá ver a evolución dos datos. Os datos que se presentan a continuación son os das partidas máis representativas do sector, xa que o balance e a conta de PeG orixinais exportadas recollían subepígrafes con datos pouco relevantes que non correspondían a tódalas empresas do sector.

Balance de Situación	2.013	2.012	2.011	2.010
Activo				
A) Activo non corrente	130.355	123.520	98.235	92.709
I Inmobilizado intanxible	1.909	1.300	1.215	686
II Inmobilizado material	58.547	54.662	58.179	55.483
III Inversións inmobiliarias	381	384	388	392
IV Inversións en empresas do grupo e asociadas a largo prazo	53.828	58.851	31.951	32.256
V Inversións financeiras a largo prazo	9.434	5.058	5.531	2.992
VI Activos por imposto diferido	6.256	3.264	971	901
B) Activo corrente	54.923	56.293	66.927	58.664
II Existencias	22.510	19.817	23.202	21.588
III Deudores comerciais e outras contas a cobrar	17.368	16.570	19.613	19.058
IV Inversións en empresas do grupo e asociadas a corto prazo	66	653	6.353	1.420
V Inversións financeiros a corto prazo	6.394	10.516	6.611	8.402
VI Periodificacións a corto prazo	66	72	101	92
VII Efectivo e outros activos líquidos equivalentes	8.520	8.664	11.046	8.103
Total activo (A + B)	185.279	179.813	165.162	151.373
Pasivo				
A) Patrimonio neto	94.692	97.289	106.063	93.144
A-1) Fondos propios	82.472	83.672	92.353	80.567
I Capital	36.984	38.074	38.084	35.857
II Prima de emisión	2.077	2.099	2.099	2.077
III Reservas	62.849	60.600	50.799	46.514
IV (Accións e participacións en patrimonio propias)	-461	-228	-434	-1.166
V Resultados de exercicios anteriores	-18.965	-10.488	-8.271	-7.928
VI Outras aportacións de socios	14	3	3	3
VII Resultado do exercicio	33	-5.958	10.976	5.211
VIII (Dividendo a conta)	-60	-430	-902	n.d.
A-2) Ajustes por cambios de valor	n.d.	0	0	0
A-3) Subvencións, donacións e legados recibidos	12.221	13.617	13.710	12.576
B) Pasivo non corrente	74.205	58.644	23.866	23.136
I Provisións a largo prazo	28	1.097	2	2
II Débedas a largo prazo	20.521	14.725	18.662	17.713
III Débedas con empresas do grupo e asociadas a largo prazo	47.035	37.033	n.d.	565
IV Pasivos por imposto diferido	6.621	5.788	5.202	4.856
C) Pasivo corrente	16.382	23.881	35.233	35.093
II Provisións a corto prazo	95	7	25	2
III Débedas a corto prazo	6.550	13.547	9.645	10.527
IV Débedas con empresas do grupo e asociadas a corto prazo	299	183	13.594	14.088
V Acreedores comerciais e outras contas a pagar	9.438	10.143	11.908	10.475
VI Periodificacións a corto prazo	n.d.	n.d.	60	n.d.
Total patrimonio neto e pasivo (A + B + C)	185.279	179.813	165.162	151.373

Táboa 3: Balance de situación do grupo de referencia 2010-2013. Elaboración propia a partir de los datos extraídos de la base de datos Sabi. Datos en miles de euros

Cuenta de pérdidas e ganancias	2.013	2.012	2.011	2.010
A) Operacións continuadas				
1. Importe neto da cifra de negocios	65.249	60.634	70.396	64.438
2. Variación de existencias de produtos terminados e en curso de fab.	2.273	-2.498	482	7
3. Traballos realizados pola empresa para o seu activo	675	464	179	41
4. Aproveisionamentos	-28.342	-23.222	-24.479	-23.261
5. Outros ingresos de explotación	592	265	465	284
6. Gastos de personal	-17.829	-16.770	-17.225	-15.875
7. Outros gastos de explotación	-15.099	-15.363	-14.756	-14.109
8. Amortización do inmovilizado	-6.746	-7.032	-6.914	-7.110
9. Imputación de subvencións de inmovilizado non financeiro e outras	2.343	2.298	2.803	3.093
10. Excesos de provisións	n.d.	n.d.	n.d.	n.d.
11. Deterioro e resultado por enaxenacións do inmovilizado	184	77	2.025	723
A1) Resultado de explotación (1 + 2 + 3 + 4 + 5 + 6 + 7 + 8 + 9 + 10 + 11 + 12)	3.435	-860	14.755	8.219
14. Ingresos financeiros	962	1.507	1.700	1.193
15. Gastos financeiros	-2.449	-1.694	-1.351	-1.224
16. Variación de valor razonable en instrumentos financeiros	8	23	-16	-16
17. Diferencias de cambio	2	2	-12	13
18. Deterioro e resultado por enaxenación de instrumentos financeiros	-1.656	-6.322	-618	-1.094
A2) Resultado financeiro (14 + 15 + 16 + 17 + 18)	-3.133	-6.484	-296	-1.128
A3) Resultado antes de impostos (A1 + A2)	301	-7.344	14.459	7.091
19. Impostos sobre beneficios	-269	1.386	-3.483	-1.880
A4) Resultado do exercicio procedente de operacións continuadas (A3 + 19)	127	-6.234	8.294	4.461
B) Operacións interrompidas				
A5) Resultado do exercicio (A4 + 20)	33	-5.958	10.976	5.211

Táboa 4: Conta de perdas e ganancias do grupo de referencia 2010-2013. Elaboración propia a partir de los datos extraídos de la base de datos Sabi. Datos en miles de euros

2.1 Análise porcentual e de tendencia

Coa finalidade de obter conclusións da situación do sector (as 55 empresas do grupo de comparación) e poder realizar unha análise comparativa cos datos da empresa seleccionada (Jesús Portela e Hijos), calculamos as porcentaxes verticais das diferentes masas patrimoniais respecto ao total de activo. A continuación faremos o análise dos porcentaxes horizontais tomando como ano base de referencia o 2.010.

Balance de Situación	2013	2012	2011	2010
Activo				
A) Activo non corrente	70,36%	68,69%	59,48%	61,25%
I Inmobiliado intanxible	1,03%	0,72%	0,74%	0,45%
II Inmobiliado material	31,60%	30,40%	35,23%	36,65%
III Investimentos inmobiliarias	0,21%	0,21%	0,23%	0,26%
IV Investimentos en empresas do grupo e asociadas a largo prazo	29,05%	32,73%	19,35%	21,31%
V Investimentos financeiros a largo prazo	5,09%	2,81%	3,35%	1,98%
VI Activos por imposto diferido	3,38%	1,82%	0,59%	0,60%
B) Activo corrente	29,64%	31,31%	40,52%	38,75%
II Existencias	12,15%	11,02%	14,05%	14,26%
III Deudores comerciais e outras contas a cobrar	9,37%	9,22%	11,88%	12,59%
IV Investimentos en empresas do grupo e asociadas a corto prazo	0,04%	0,36%	3,85%	0,94%
V Investimentos financeiros a corto prazo	3,45%	5,85%	4,00%	5,55%
VI Periodificacións a corto prazo	0,04%	0,04%	0,06%	0,06%
VII Efectivo e outros activos líquidos equivalentes	4,60%	4,82%	6,69%	5,35%
Total activo (A + B)	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%
Pasivo				
A) Patrimonio neto	51,11%	54,11%	64,22%	61,53%
A-1) Fondos propios	44,51%	46,53%	55,92%	53,22%
I Capital	19,96%	21,17%	23,06%	23,69%
II Prima de emisión	1,12%	1,17%	1,27%	1,37%
III Reservas	33,92%	33,70%	30,76%	30,73%
IV (Accións e participacións en patrimonio propias)	-0,25%	-0,13%	-0,26%	-0,77%
V Resultados de exercicios anteriores	-10,24%	-5,83%	-5,01%	-5,24%
VI Outras aportacións de socios	0,01%	0,00%	0,00%	0,00%
VII Resultado do exercicio	0,02%	-3,31%	6,65%	3,44%
VIII (Dividendo a conta)	-0,03%	-0,24%	-0,55%	-
A-2) Ajustes por cambios de valor	-	0,00%	0,00%	0,00%
A-3) Subvenciones, donaciones y legados recibidos	6,60%	7,57%	8,30%	8,31%
B) Pasivo non corrente	40,05%	32,61%	14,45%	15,28%
I Provisións a largo prazo	0,02%	0,61%	0,00%	0,00%
II Débedas a largo prazo	11,08%	8,19%	11,30%	11,70%
III Débedas con empresas do grupo e asociadas a largo prazo	25,39%	20,60%	-	0,37%
IV Pasivos por imposto diferido	3,57%	3,22%	3,15%	3,21%
C) Pasivo corrente	8,84%	13,28%	21,33%	23,18%
II Provisións a corto prazo	0,05%	0,00%	0,02%	0,00%
III Débedas a corto prazo	3,54%	7,53%	5,84%	6,95%
IV Débedas con empresas do grupo e asociadas a corto prazo	0,16%	0,10%	8,23%	9,31%
V Acreedores comerciais e outras contas a pagar	5,09%	5,64%	7,21%	6,92%
VI Periodificacións a corto prazo	-	-	0,04%	-
Total patrimonio neto e pasivo (A + B + C)	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%

Táboa 5: Porcentaxes verticais do balance de situación do grupo de referencia 2010 – 2013. Elaboración propia a partir de datos extraídos de la base de datos Sabi.

O importe do ANC e do AC varía durante ese período. O ANC representa no 2010 o 61,25%, e tras unha pequena redución no 2011 e un aumento no 2012, chega no ano 2013 a representar o 70,36% do total do activo. Fronte a isto, temos que o AC en 2010 representaba o 38,75% do total do activo e no 2013 caera ata o 29,64%.

No referente á importancia das partidas do AC e do ANC observamos:

- As principais partidas do ANC son as de inmovilizado material (31,60% no 2013) e a de Investimentos en empresas do grupo e asociadas a l/p (29,05%).

- A evolución do Inmobilizado material mostra un descenso do 5% entre o 2010 e o 2013, sendo a caída máis destacada a que se produce entre o 2011 e o 2012.
- Os investimentos en empresas do grupo e asociadas a l/p, mostra unha variación positiva dun 8% entre o período analizado, pero sen unha tendencia clara.
- As principais partidas do AC son as existencias (12,15%) e os debedores comerciais e outras contas a cobrar (9,37%).
- A tendencia que se observa nas existencias é a caída entre o 2010 e o 2013, pero o descenso non é moi significativo, pois pasa dun 14% ao 12% no período analizado
- Os debedores comerciais diminúen durante o período a analizar, pasando do 12,5% ao 9,4% entre o 2010 e o 2013.
- É destacable, que durante o período analizado son moi poucas as partidas que contan cunha tendencia clara, pois a maioría das partidas aumentan nun período e no seguinte diminúe, ou ao contrario, sen poder establecer unha evolución significativa entre os sucesivos anos.

En canto á estrutura financeira, o sector finánciase aproximadamente metade con recursos propios e metade recursos alleos (51% fronte a 49%), sendo os recursos alleos a l/p os máis significativos, posto que representan o 40% da financiación do sector.

No referente á importancia das partidas do pasivo e do PN concluímos:

- A principal partida do PNC son as débedas con empresas do grupo e asociadas a l/p, que representan o 25%. Esta partida é principalmente importante, pois o sector pasou de case non ter débedas con empresas do grupo (nos anos 2010 e 2011 a importancia desta partida situábase en menos do 0,5%) a representar máis do 25% no ano 2013. Isto mostra como as débedas das empresas do grupo son maiores que as débedas a l/p que se sitúan en torno ao 11%.
- As principais partidas do PC son as débedas a c/p (3,54% en 2013) e os acredores comerciais que supoñen pouco máis do 5%. Ámbalas dúas partidas mostran un descenso entre o período analizado, aínda que non progresivo, pois houbo algún ano no que si se produciu un aumento con respecto ao ano 2010.
- É significativo que no PC diminuíu considerablemente a partida de Débedas con empresas do grupo e asociadas, pasando do 9,31% en 2010 ao 0,16% en 2013. Isto lévanos a que, a pesar de que ao principio as débedas eran principalmente con empresas do grupo no c/p, nos últimos anos a tendencia é ao endebedamento no l/p con empresas do grupo. Aínda así, é

ben certo que as débedas coas empresas do grupo a l/p aumentaron máis que o descenso das débedas con empresas do grupo no c/p.

- No referente ao PN, as partidas máis significativas son as de Reservas e a de Capital.
- O Capital, diminuíu no período analizado un 4%, mentres que as reservas se incrementaron un 3%.
- É destacable como o resultado de exercicios anteriores se mantivo aproximadamente constante durante os anos 2010-2012 e no ano 2013 diminúe ata un 10%. Isto é debido, principalmente a que no ano 2012 o resultado do exercicio diminuíu en relación ao total de activo. É dicir, en relación ao total de activo, entre o 2011 e o 2012, o resultado do exercicio variou aproximadamente un 9%, o que fixo que a partida de Resultado de exercicios anteriores caese un 5% en relación ao total de activo.
- Tamén podemos observar como case non se reparten dividendos a conta.

Balance de Situación	2.013	2.012	2.011	2.010
Activo				
A) Activo non corrente	140,61	133,23	105,96	100
I Inmobilizado intanxible	278,28	189,50	177,11	100
II Inmobilizado material	105,52	98,52	104,86	100
III Invetimentos inmobiliarios	97,19	97,96	98,98	100
IV Invetimentos en empresas do grupo e asociadas a longo prazo	166,88	182,45	99,05	100
V Invetimentos financeiros a longo prazo	315,31	169,05	184,86	100
VI Activos por imposto diferido	694,34	362,26	107,77	100
B) Activo corrente	93,62	95,96	114,09	100
II Existencias	104,27	91,80	107,48	100
III Debedores comerciais e outras contas a cobrar	91,13	86,95	102,91	100
IV Invetimentos en empresas do grupo e asociadas a curto prazo	4,65	45,99	447,39	100
V Invetimentos financeiros a curto prazo	76,10	125,16	78,68	100
VI Periodificacións a curto prazo	71,74	78,26	109,78	100
VII Efectivo e outros activos líquidos equivalentes	105,15	106,92	136,32	100
Total activo (A + B)	122,40	118,79	109,11	100
Pasivo				
A) Patrimonio neto	101,66	104,45	113,87	100
A-1) Fondos propios	102,36	103,85	114,63	100
I Capital	103,14	106,18	106,21	100
II Prima de emisión	100,00	101,06	101,06	100
III Reservas	135,12	130,28	109,21	100
IV (Accións e participacións en patrimonio propias)	39,54	19,55	37,22	100
V Resultados de exercicios anteriores	239,22	132,29	104,33	100
VI Outras aportacións de socios	466,67	100,00	100,00	100
VII Resultado do exercicio	0,63	-114,34	210,63	100
VIII (Dividendo a conta)				
A-2) Axustes por cambios de valor				
A-3) Subvencións, donacións e legados recibidos	97,18	108,28	109,02	100
B) Pasivo non corrente	320,73	253,48	103,16	100
I Provisións a longo prazo	1.400,00	54.850,00	100,00	100
II Débedas a longo prazo	115,85	83,13	105,36	100
III Débedas con empresas do grupo e asociadas a l/p	8.324,78	6.554,51		100
IV Pasivos por imposto diferido	136,35	119,19	107,13	100
C) Pasivo corrente	46,68	68,05	100,40	100
II Provisións a curto prazo	4.750,00	350,00	1.250,00	100
III Débedas a curto prazo	62,22	128,69	91,62	100
IV Débedas con empresas do grupo e asociadas a c/p	2,12	1,30	96,49	100
V Acredores comerciais e outras contas a pagar	90,10	96,83	113,68	100
VI Periodificacións a curto prazo				
Total patrimonio neto e pasivo (A + B + C)	122,40	118,79	109,11	100

Táboa 6: Porcentaxes horizontais do balance de situación do grupo de referencia 2010-2013. Elaboración propia a partir de datos extraídos de la base de datos Sabi.

O total de activo do grupo de comparación medra ao longo do período analizado ata un 122% no último exercicio, principalmente porque aumenta o ANC ata 40,61%. Os inmovilizados tamén se incrementan con respecto ao ano base, pero namentres que o inmovilizado material aumentou un 5%, o intanxible fíxoo nun 178%.

En canto ao AC, mostra un descenso no ano 2013 en relación ao ano base, debido a caída dos investimentos en empresas do grupo e asociadas a c/p. O descenso tamén foi causado polo descenso das partidas de periodificacións a c/p (71%), os investimentos financeiros a c/p (76%) e os debedores comerciais (91%).

En canto á estrutura patrimonial, destaca o incremento significativo do PNC situándose nun 320,73% respecto do ano base 2010, incremento causado polo aumento das débedas con empresas do grupo e asociadas a l/p e das provisións a l/p. É principalmente significativo como no ano 2012 as provisións alcanzan un valor inusual respecto do ano 2010. Ao estar analizando un grupo de empresas, non sabemos o motivo, pois puido ser que unha empresa previse un posible gasto ou perda moi significativa en período sucesivos e por iso doase esa provisión.

Pola súa parte, o PC tamén diminúe, principalmente polo descenso das débedas con empresas do grupo e asociadas a c/p, situándose en 2013 nun 2%, con relación ao ano base.

Pola contra, o PN permanece case constante. Sen embargo, as partidas de Outras aportacións de socios e Resultados de exercicios anteriores multiplícanse por 4 e por 2, respectivamente.

O resultado do exercicio mostra variación moi significativas. O valor acadado no ano 2011 representa un 210,63% do do ano base, pero no ano 2013 mostra un descenso do 114,34%. Finalmente, no ano 2013 o valor en relación ao ano base é dun 0,63%.

Cuenta de pérdidas e ganancias	2013	2012	2011	2010
A) Operacións continuadas				
1. Importe neto da cifra de negocios	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%
2. Variación de existencias de produtos terminados e en curso de fab.	3,48%	-4,12%	0,68%	0,01%
3. Traballos realizados pola empresa para o seu activo	1,03%	0,77%	0,25%	0,06%
4. Aprovisionamentos	-43,44%	-38,30%	-34,77%	-36,10%
5. Outros ingresos de explotación	0,91%	0,44%	0,66%	0,44%
6. Gastos de persoal	-27,32%	-27,66%	-24,47%	-24,64%
7. Outros gastos de explotación	-23,14%	-25,34%	-20,96%	-21,90%
8. Amortización do inmovilizado	-10,34%	-11,60%	-9,82%	-11,03%
9. Imputación de subvencións de inmovilizado non financeiro e outras	3,59%	3,79%	3,98%	4,80%
11. Deterioro e resultado por enaxenacións do inmovilizado	0,28%	0,13%	2,88%	1,12%
A1) Resultado de explotación (1 + 2 + 3 + 4 + 5 + 6 + 7 + 8 + 9 + 10 + 11 + 12)	5,26%	-1,42%	20,96%	12,75%
14. Ingresos financeiros	1,47%	2,49%	2,41%	1,85%
15. Gastos financeiros	-3,75%	-2,79%	-1,92%	-1,90%
16. Variación de valor razoable en instrumentos financeiros	0,01%	0,04%	-0,02%	-0,02%
17. Diferencias de cambio	0,00%	0,00%	-0,02%	0,02%
18. Deterioro e resultado por enaxenación de instrumentos financeiros	-2,54%	-10,43%	-0,88%	-1,70%
A2) Resultado financeiro (14 + 15 + 16 + 17 + 18)	-4,80%	-10,69%	-0,42%	-1,75%
A3) Resultado antes de impostos (A1 + A2)	0,46%	-12,11%	20,54%	11,00%
19. Impostos sobre beneficios	-0,41%	2,29%	-4,95%	-2,92%
A4) Resultado do exercicio procedente de operacións continuadas (A3 + 19)	0,19%	-10,28%	11,78%	6,92%
B) Operacións interrompidas				
A5) Resultado do exercicio (A4 + 20)	0,05%	-9,83%	15,59%	8,09%

Táboa 7: Porcentaxes verticais da conta de perdas e ganancias do grupo de referencia 2010-2013. Elaboración propia a partir de datos extraídos de la base de datos Sabi

As partidas máis significativas da conta de PeG son: Aprovisionamentos, Gastos de persoal, outros gastos de explotación e a de amortización do inmovilizado.

- A partida de aprovisionamentos aumenta durante o período analizando, pasando de ter un peso dun 36,10% sobre o total do INCN a representar un 43,44%.
- A partida de gastos de persoal tamén aumenta durante o período analizado, pois no ano 2010 representaban o 24,64% do INCN e no ano 2013 representaría o 27,32%.
- Outros gastos de explotación aumentou durante o período analizado pasando de significar o 21,90% do INCN a representar o 23,14% no ano 2013. Sen embargo, esta cifra é dous puntos porcentuais inferior a acadada no ano 2012, que fora do 25,34%.
- A amortización do inmovilizado a penas sufriu variacións durante o período analizado, pois, coa excepción do ano 2011 que foi inferior ao 10%, nos demais anos analizados, o porcentaxe da amortización do inmovilizado con respecto ao INCN situouse entorno ao 11%.
- Os ingresos financeiros aumentaron no período 2010-2012 e, finalmente, no ano 2013 caeu un punto porcentual.

- Os gastos financeiros aumentaron durante o período analizado, pasando de significar menos dun 2% a case un 4%.
- No ano 2012 o variación das existencias de produtos terminados e en curso de fabricación obteñen un valor negativo de 4,12%, sendo un dos principais motivos polos que o resultado de explotación nese mesmo ano sexa negativo. É moi significativo o deterioro e resultado por enaxenación de instrumentos financeiros que alcanza o valor negativo de 10,43%. Isto provocou que tamén nese ano, o resultado financeiro fose negativo, cun valor de -10,69%. Así, obtívose un valor do resultado antes de impostos de -12,11%. Ao obter un resultado antes de impostos negativo, os impostos sobre beneficios do exercicio foron positivos, facendo que o resultado do exercicio procedente de operacións continuadas fose negativo, pero menor que antes de impostos. Finalmente, o resultado do exercicio no ano 2012 foi de -9,83%.
- O resultado de explotación non mostra una tendencia clara. Entre 2010 e 2011 aumentou de 12,75% a 20,96%. No ano 2012, como xa se expuxo anteriormente, acadou un valor de -1,42%. Finalmente no ano 2013 acadaría un valor positivo de 5,26%.
- O resultado financeiro foi negativo todos os anos, aínda que seguiu a mesma tendencia que o resultado de explotación. Esta mesma tendencia tamén se observa co resultado antes de impostos, o resultado do exercicio de operacións continuadas e o resultado fo exercicio incluídas as operacións interrompidas.
- O resultado acadado polo sector da acuicultura caeu durante o período observado, pois no ano 2010 situábase no 8% e no 2013 estaba próximo ao 0%. No ano 2011 case se duplicou o peso do resultado en relación co INCN en relación ao ano 2010. Finalmente no ano 2012, este resultado sería negativo de case o -10%.

Cuenta de pérdidas e ganancias	2013	2012	2011	2010
A) Operacións continuadas				
1. Importe neto da cifra de negocios	101,26	94,10	109,25	100,00
2. Variación de existencias de produtos terminados e en curso de fab.	32.471,43	-35.685,71	6.885,71	100,00
3. Traballos realizados pola empresa para o seu activo	1.646,34	1.131,71	436,59	100,00
4. Aproveisionamentos	121,84	99,83	105,24	100,00
5. Outros ingresos de explotación	208,45	93,31	163,73	100,00
6. Gastos de personal	112,31	105,64	108,50	100,00
7. Outros gastos de explotación	107,02	108,89	104,59	100,00
8. Amortización do inmovilizado	94,88	98,90	97,24	100,00
9. Imputación de subvencións de inmovilizado non financeiro e outras	75,75	74,30	90,62	100,00
11. Deterioro e resultado por enaxenacións do inmovilizado	25,45	10,65	280,08	100,00
12. Diferencia negativa de combinacións de negocio				
13. Outros resultados	-700,00	-2.383,33	-14.825,00	100,00
A1) Resultado de explotación (1 + 2 + 3 + 4 + 5 + 6 + 7 + 8 + 9 + 10 + 11 + 12 + 13)	41,79	-10,46	179,52	100,00
14. Ingresos financeiros	80,64	126,32	142,50	100,00
15. Gastos financeiros	200,08	138,40	110,38	100,00
16. Variación de valor razoable en instrumentos financeiros	-50,00	-143,75	100,00	100,00
17. Diferencias de cambio	15,38	15,38	-92,31	100,00
18. Deterioro e resultado por enaxenación de instrumentos financeiros	151,37	577,88	56,49	100,00
A2) Resultado financeiro (14 + 15 + 16 + 17 + 18)	277,75	574,82	26,24	100,00
A3) Resultado antes de impostos (A1 + A2)	4,24	-103,57	203,91	100,00
19. Impostos sobre beneficios	14,31	-73,72	185,27	100,00
A4) Resultado do exercicio procedente de operacións continuadas (A3 + 19)	2,85	-139,74	185,92	100,00
B) Operacións interrompidas				
A5) Resultado do exercicio (A4 + 20)	0,63	-114,34	210,63	100,00

Táboa 8: Porcentaxes horizontais da conta de perdas e ganancias do grupo de referencia 2010-2013. Elaboración propia a partir de datos extraídos de la base de datos Sabi

O INCN apenas aumentou no ano 2013 con respecto ao ano 2010. Si destaca unha caída de 6 puntos porcentuais no ano 2012 en relación ao mesmo ano base (2010).

É moi significativo as variacións da partida de variación de existencias de produtos terminados e en curso de fabricación, que aumentou significativamente no período analizado, pero isto é debido a que, o valor do que partimos no ano 2010 é de 7 (mil euros).

Cabe destacar a caída dunha terceira parte da partida de deterioro e resultado por enaxenacións do inmovilizado entre 2010 e 2013.

As variacións de valor razoable en instrumentos financeiros diminuíu ata alcanzar o valor de -50% no 2013 en relación ao ano base.

Os impostos sobre beneficios caeron significativamente no ano 2012 con respecto ao ano base, e recuperáronse un pouco no seguinte ano, pero segue sendo moi inferior ao alcanzado no ano que se toma como referencia. O mesmo ocorre co resultado do exercicio de operacións continuadas.

O resultado do exercicio duplicouse no ano 2011 en relación ao ano anterior. No ano 2012 caería ata o -114,34%, recuperándose no ano 2013, aínda que representaba un 0.63% do resultado que se acadara no ano 2010.

2.2. Situación financeira a c/p

2.2.1. Ratios a corto plazo

RATIOS	2.013	2.012	2.011	2.010
RATIO DE SOLVENCIA	3,35	2,36	1,90	1,67
RATIO DE LIQUIDEZ	1,98	1,53	1,24	1,06
RATIO DE TESOURERÍA	0,52	0,36	0,31	0,23

Táboa 9: Ratios a c/p do grupo de referencia 2010-2013. Elaboración propia a partir de datos extraídos de la base de datos Sabi

Ratio de Solvencia: AC/PC Ratio de Liquidez: $((AC-Existencias)/PC)$ Ratio de Tesourería: $Dispoñible/PC$

Os valores no sector destes ratios mostran un crecemento na situación a c/p, xa que se aprecian variacións que alcanzan no 2013 o dobre do valor acadado no 2010.

A melloría no ratio de solvencia no ano 2013 respecto ao 2009, débese principalmente á caída do PC, e dentro deste, ás débedas con empresas do grupo e asociadas a c/p, así como das débedas a c/p. O mesmo ocorre co ratio de liquidez. No caso de non ter en conta as existencias, o valor do ratio sitúase na metade no ano 2013. O ratio de liquidez foi aumentando a súa distancia con respecto ao ratio de solvencia, o que nos mostra a importancia das existencias no sector. Aínda así, a evolución é parella ao do ratio de solvencia. No caso do ratio de tesourería ocorre algo similar, pois o principal aumento é debido á caída do PC, aínda que o dispoñible tamén aumentou, pero a variación é case insignificante en comparación coas variacións das débedas no PC.

2.2.2. Rotacións e prazos

Á hora de calcular a rotación de existencias, e polo tanto o prazo de venda, non dispoñiamos da información necesaria para realizar o cálculo. Polo tanto, non puidemos facer máis que unha aproximación ó custo de produción sumando as partidas principais da conta de PeG; para obter ese dato sumamos aprovisionamentos, astos de persoal, outros gastos de explotación e a amortización, e por último restámoslle a variación de existencias no caso de que o saldo fose debedor e sumámoslla no caso de que o saldo fose acreedor.

ROTACIÓNS	2.013	2.012	2.011	2.010
ROTACIÓN EXISTENCIAS	3,11	3,02	2,81	2,80
ROTACIÓN CLIENTES	3,85	3,35	3,64	6,76
ROTACIÓN PROVEEDORES	2,89	2,11	2,19	2,22

Táboa 10: Rotacións do grupo de referencia 2010-2013. Elaboración propia a partir de datos extraídos de la base de datos Sabi

Rotación de Existencias: Consumo/existencias medias
 Rotación de Clientes: Ventas/Clientes Medios
 Rotación de Proveedores: Compras/Proveedores Medios

PRAZOS	2.013	2.012	2.011	2.010
PRAZO VENTA (Pv)	115,89	119,34	128,19	128,78
PRAZO COBRO (Pc)	93,62	107,41	98,88	53,24
PRAZO PAGO (Pp)	124,36	170,92	164,59	162,12
PERIODO MEDIO MADURACIÓN TÉCNICO	209,51	226,75	227,07	182,02
PERIODO MEDIO MADURACIÓN FINANCEIRO	85,15	55,83	62,48	19,90

Táboa 11: Prazos do grupo de referencia 2010-2013. Elaboración propia a partir de datos extraídos de la base de datos Sabi

Prazo de venta: $360/\text{Rotación de existencias}$
 Prazo de cobro: $360/\text{Rotación de clientes}$
 Prazo de Pago: $360/\text{Rotación de Proveedores}$
 Período Medio de Maduración Técnica: $Pv+Pc$
 Período Medio de Maduración Financeiro: $Pv+Pc-Pp$

A rotación de existencias aumenta durante o período analizado. Esta situación é favorable para o sector xa que as existencias pasan menos tempo en poder da empresa, é dicir, véndese máis rápido. Así mesmo, redúcese o prazo de venta do sector, pasando de ser de 129 días en 2010 a 116 no 2013.

Sen embargo, a rotación de clientes diminuíu entre 2010-2012, sufrindo un pequeno aumento no ano 2013, respecto do ano anterior. A evolución sufrida pola rotación de clientes durante o período 2010-2012 é desfavorable, ao igual que o prazo de cobro, pois os clientes tardan máis en pagar. Sen embargo, se analizamos o acontecido no 2013 respecto do ano anterior, observamos que a rotación de clientes aumentou, polo que o prazo de cobro diminuíu, e o sector atópase nunha situación máis beneficiosa, pois os clientes pagan antes do que o facían anteriormente.

A rotación de provedores, diminúe durante o período 2010-2012 pero repunta no ano 2013, alcanzado un valor superior ao inicio do período analizado. A diminución da rotación nos primeiros anos é positiva, sen embargo, o acontecido no último ano é moi desfavorable, pois o aumento da rotación provocou un descenso importante do prazo de pago, reducíndonos os días de pago a provedores a aprox. 125 días.

No referido ao PMMT, aumenta entre 2010-2011, debido principalmente ao aumento do prazo de cobro. A diminución producida no ano 2012 con respecto ao ano anterior foi provocado por o aumento do prazo de venta, contrarrestado polo aumento do prazo de cobro, facendo que a caída sexa insignificativa. Finalmente, no ano 2013, cae, pois todos os prazos se viron reducidos nese período.

O PMMF, salvo no ano 2012, que diminuiu, seguiu unha tendencia crecente.

En termos xerais, tanto o PMMT e o PMMF presentan unha evolución negativa, pois aumentaron nos últimos 4 anos.

2.3. Situación financeira a l/p

RATIOS	2.013	2.012	2.011	2.010
RATIO GARANTÍA	2,05	2,18	2,79	2,60
RATIO ENDEBEDAMENTO A CORTO PRAZO	0,17	0,25	0,33	0,38
RATIO ENDEBEDAMENTO LARGO PRAZO	0,78	0,60	0,23	0,25
RATIO ENDEBEDAMENTO XERAL	0,96	0,85	0,56	0,63

Táboa 12: Ratios a l/p do grupo de referencia 2010-2013. Elaboración propia a partir de datos extraídos de la base de datos Sabi

Ratio de Garantía: Activo/Pasivo Ratio de Endebedamento a c/p: PC/PN Ratio de Endebedamento a l/p: PNC/PN Ratio de Endebedamento Xeral: Pasivo/PN
--

Analizando o ratio de garantía, o sector móstrase solvente xa que co total dos seus activos é capaz de facer fronte as súas débedas. Aínda así, a pesar da caída do valor, o activo representaba dúas veces o pasivo do sector.

En canto ao endebedamento, vemos como mentres o endebedamento a curto caía a metade durante o período analizado, o endebedamento a longo prazo triplicábase. Isto ocasiona que o endebedamento xeral aumentase durante o período 2010-2013.

2.4. Análise da rendibilidade

2.4.1. Rendibilidade económica

RENDABILIDAD ECONÓMICA	2.013	2.012	2.011	2.010
Rendibilidade económica (Re)	0,0151	-0,0328	0,0999	0,0549
Marxe/Ventas	0,0421	-0,0932	0,2246	0,1290
Rotación Activos	0,3574	0,3515	0,4448	0,4257

Táboa 13: Rendibilidade económica do grupo de referencia 2010-2013. Elaboración propia a partir de datos extraídos de la base de datos Sabi




Gráfico 8: Rendibilidade económica do grupo de referencia 2010-2013. Elaboración propia a partir de datos extraídos de la base de datos Sabi

O sector acuícola está a ter unha rendibilidade con variacións sen unha tendencia clara ao longo dos últimos catro anos, aínda que con relación ao ano inicial do período a analizar, o 2013 representa pouco máis dunha terceira parte.

Este sector presenta unha rendibilidade económica positiva, salvo no ano 2012, no que acadou un valor negativo (-3,28%). As variacións, foron principalmente causadas polos cambios no Marxe/Ventas, pois a rotación de activos permanece aproximadamente constante.

A rendibilidade económica expón a rendibilidade de investimento nos activos do sector, mentres que a marxe reflicte o beneficio que se obtén en función das vendas. Como se observa na táboa anterior, ambos obteñen valores positivos, coa excepción do marxe en relación as vendas no ano 2012. No caso do marxe/ventas, isto significa que o sector está obtendo beneficios nos anos 2010, 2011 e 2013.

2.4.2. Rendibilidade financeira

RENDIBILIDADE FINANCEIRA	2.013	2.012	2.011	2.010
Rendibilidade financeira (Rf)	0,0003	-0,0586	0,1102	0,0559
BN/Ventas	0,0005	-0,0983	0,1559	0,0809
Ventas/ATMedio	0,3574	0,3515	0,4448	0,4257
ATMedio/PNMedio	1,9017	1,6964	1,5890	1,6252

Táboa 14: : Rendibilidade financeira do grupo de referencia 2010-2013. Elaboración propia a partir de datos extraídos de la base de datos Sabi

Rendibilidade financeira: BN/PN Medio




Gráfico 9: Rendibilidade financeira do grupo de referencia 2010-2013. Elaboración propia a partir de datos extraídos de la base de datos Sabi

A rendibilidade financeira é a rendibilidade que obteñen os accionistas polo seu investimento no sector, é dicir, o beneficio que obteñen en relación ao capital invertido.

Como se observa na táboa, a rendibilidade foi sempre positiva excepto no ano 2012; o mesmo ocorre co beneficio neto sobre as vendas. Este valor pode ser causado polo importe dos BN que ademais de caer, foi negativo nese ano, pois o impacto da caída dos BN foi moito maior que a caída experimentada ese mesmo ano nas vendas do sector. Tras esta caída no ano 2012, parece que no último ano se comeza a recuperar, pois xa obtemos unha rendibilidade positiva, aínda que case inexistente.

2.4.3. Efecto panca

EFECTO PANCA	2.013	2.012	2.011	2.010
Efecto Panca	-0,0108	-0,0371	0,0454	0,0212
Re-imediao	-0,0120	-0,0533	0,0770	0,0339
Pasivo Medio/PN Medio	0,9017	0,6964	0,5890	0,6252

Táboa 15: Efecto panca para o grupo de referencia 2010-2013. Elaboración propia a partir de datos extraídos de la base de datos Sabi

$$\text{Efecto Panca: (Re- i medio) * (Pasivo Medio/PN)}$$

O efecto panca é positivo durante 2010-2011, e negativo en 2012-2013. O resultado negativo débese á diferenca entre rentabilidade económica e imedio. Pois o imedio permanece constante durante todo o período (0,02) coa excepción do ano 2013 que obtivo un valor de (0,03). Con respecto ó pasivo medio/PNmedio presenta valores menores que un ó longo do período o que nos indica que o sector está endebedado, pero non en exceso.

Polo tanto, como xa se indicaba, o principal causante dos valores obtidos polo efecto panca no sector durante o período analizado son consecuencia da rendabilidade económica.

2.5. Análise do risco financeiro

APALANCAMENTO FINANCEIRO	2.013	2.012	2.011	2.010
Apancamento financeiro (BAIT/BAT)	9,14	0,77	1,09	1,17
Cobertura de Xuros por resultado (BAIT/GF)	1,12	-3,34	11,70	6,79

Táboa 16: Apancamento financeiro do grupo de referencia 2010-2013. Elaboración propia a partir de datos extraídos de la base de datos Sabi

O apancamento financeiro mide o nivel de risco financeiro (variación do beneficio neto ante variacións do BAIT). Neste caso, caeu durante o período 2010-2012 pero no ano 2013 aumentou bruscamente, pois pasou de ter un valor de 0,77 a 9,14.

Utilizando como medida do risco o ratio cobertura de intereses, observamos que neste período sofre fortes variacións, sempre con valores positivos salvo no ano 2012. Polo tanto, o BAIT foi suficiente para facer fronte ós intereses todos os anos salvo o 2012. O principal causante das variacións da cobertura de intereses é o BAIT, pois os GF. Así mesmo, a causa de que a cobertura de xuros por resultado sexa negativa no ano 2012 foi porque o BAIT era negativo nese ano.

Estamos ante un sector moi apalancado no 2013 que conta cun elevado risco financeiro, sen embargo, a cobertura de xuros baixou significativamente.

3. Análise dos estados financeiros da empresa Jesús Portela e Hijos, S.L

3.1. Descripción da empresa

Jesús Portela e Hijos S.L. é unha empresa localizada no Concello pontevedrés de Moaña onde se encadra tamén a sede social. Está inscrita no Rexistro Mercantil de Pontevedra.

Esta empresa adicada ó sector acuícola foi fundada fai 20 anos por Jesús Portela, pero actualmente a empresa está en mans dos seus fillos. Xa dende o primeiro momento foi unha empresa que realizou traballos mariños.

A citada empresa, todo o que fabrica é destinado ao consumo nacional, pois non ofrece produtos ao estranxeiro, as súas exportacións son nulas. Actualmente conta con 5 empregados é adícase unicamente ao cultivo do mexillón.

A súa actividade principal á que se dedica a empresa é a acuicultura mariña (código CNAE 0321).

A continuación preséntase o Balance e a Conta de PeG da empresa *Jesús Portela e Hijos, S.L.* Para a obtención destes datos utilicei a base de datos Sabi, e os estados contables extraídos seguen o Plan Xeral Contable do ano 2007.

	EMPRESA JESUS PORTELA E HIJOS S.L				SECTOR
	2013	2012	2011	2010	2013
Balance de situación					
Activo					
A) Activo non corrente	160.605	234.888	314.632	355.041	130.355
I Inmobilizado intanxible	n.d.	112	221	329	1.909
II Inmobilizado material	160.605	234.776	314.411	349.312	58.547
V Inversións financeiras a longo prazo	n.d.	n.d.	n.d.	5.400	9.434
B) Activo corrente	761.495	737.350	629.910	817.011	54.923
I Existencias	388.600	388.600	388.600	308.000	22.510
II Debedores comerciais e outras contas a cobrar	315.228	327.648	185.460	254.831	17.368
1. Clientes por vendas e prestacións de servicios	314.987	327.648	167.572	217.314	
3. Outros debedores	241	n.d.	17.887	37.518	
IV Inversións financeiras a curto prazo	16.373	13.407	21.713	212.913	6.394
VI Efectivo e outros activos líquidos equivalentes	41.294	7.695	34.138	41.266	8.520
Total activo (A + B)	922.100	972.239	944.542	1.172.051	185.279
Pasivo					
A) Patrimonio neto	825.418	869.546	876.013	1.084.561	94.692
A-1) Fondos propios	825.418	869.546	867.961	1.037.119	82.472
I Capital	378.638	378.638	378.638	378.638	36.984
1. Capital escriturado	378.638	378.638	378.638	378.638	37.029
III Reservas	75.728	75.728	75.728	75.728	62.849
IV (Accións e participacións en patrimonio propias)	-170.000	-170.000	-170.000	n.d.	-461
V Resultados de exercicios anteriores	585.181	583.596	582.753	574.386	-18.965
VII Resultado do exercicio	-20.457	1.585	842	8.367	33
VIII (Dividendo a conta)	-23.671	n.d.	n.d.	n.d.	-60
A-2) Axustes por cambios de valor	n.d.	n.d.	n.d.	n.d.	-
A-3) Subvencións, donacións e legados recibidos	n.d.	n.d.	8.053	47.443	12.221
B) Pasivo non corrente	n.d.	n.d.	n.d.	n.d.	74.205
C) Pasivo corrente	96.682	102.693	68.529	87.490	16.382
II Débedas a curto prazo	1.618	30.343	13.820	32.419	6.550
3. Outras débedas a curto prazo	1.618	30.343	13.820	32.419	
IV Acredores comerciais e outras contas a pagar	95.065	72.350	54.709	55.070	9.438
1. Proveedores	15.269	16.744	15.530	n.d.	2.454
2. Outros acredores	79.796	55.606	39.178	55.070	
Total patrimonio neto y pasivo (A + B + C)	922.100	972.239	944.542	1.172.051	185.279

Táboa 17: Balance de situación da empresa Jesús Portela e Hijos 2010-2013 e sector 2013. Elaboración propia a partir de datos extraídos de la base de datos Sabi

	JESUS PORTELA E HIJOS S.L				SECTOR
Cuenta de perdás e ganancias	2013	2012	2011	2010	2013
1. Importe neto da cifra de negocios	456.646	440.634	356.712	332.711	65.249
2. Variación de existencias de productos terminados e en curso de fabricación	n.d.	n.d.	n.d.	188.000	2.273
4. Aprovisionamentos	-75.486	-42.617	5.298	-104.328	-28.342
5. Outros ingresos de explotación	n.d.	n.d.	n.d.	2.456	592
6. Gastos de persoal	-218.934	-201.670	-238.996	-233.163	-17.829
7. Outros gastos de explotación	-95.258	-117.109	-84.738	-158.183	-15.099
8. Amortización do inmovilizado	-81.562	-72.203	-76.882	-35.334	-6.746
9. Imputación de subvencións de inmovilizado non financeiroiro	n.d.	8.053	39.390	n.d.	2.343
11. Deterioro e resultado por enaxenacións do inmovilizado	-3.374	n.d.	n.d.	15.940	184
A) Resultado de explotación (1 + 2 + 3 + 4 + 5 + 6 + 7 + 8 + 9 + 10 + 11 + 12)	-17.969	15.086	784	8.099	3.435
13. Ingresos financeiros	39	n.d.	509	3.091	962
14. Gastos financeiros	-2.528	-12.973	-171	-731	-2.449
B) Resultado financeiro (13 + 14 + 15 + 16 + 17)	-2.489	-12.973	339	2.360	-3.133
C) Resultado antes de impostos (A + B)	-20.457	2.114	1.123	10.459	301
18. Impostos sobre beneficios	n.d.	-528	-281	-2.092	-269
D) Resultado do exercicio (C + 18)	-20.457	1.585	842	8.367	33

Táboa 18: Conta de Perdás e Ganancias da empresa Jesús Portela e Hijos, S.L 2010-2013 e sector 2013. Elaboración propia a partir de datos extraídos de la base de datos Sabi

3.2. Análise porcentual e de tendencia

Na empresa *Jesús Portela e Hijos, S.L* utilizamos o mesmo procedemento para a análise porcentual que o empregado no sector. No balance as porcentaxes verticais están calculadas respecto ó activo total dende o ano 2010 ata o 2013; e a conta de PeG respecto ó INCN.

	JESUS PORTELA E HIJOS S.L				SECTOR
Balance de situación	2013	2012	2011	2010	2013
Activo					
A) Activo non corrente	17,42%	24,16%	33,31%	30,29%	70,36%
I Inmovilizado intanxible		0,01%	0,02%	0,03%	1,03%
II Inmovilizado material	17,42%	24,15%	33,29%	29,80%	31,60%
V Inversións financeiras a longo prazo				0,46%	5,09%
B) Activo corrente	82,58%	75,84%	66,69%	69,71%	29,64%
I Existencias	42,14%	39,97%	41,14%	26,28%	12,15%
II Debedores comerciais e outras contas a cobrar	34,19%	33,70%	19,63%	21,74%	9,37%
IV Inversións financeiras a curto prazo	1,78%	1,38%	2,30%	18,17%	0,04%
VI Efectivo y otros activos líquidos equivalentes	4,48%	0,79%	3,61%	3,52%	4,60%
Total activo (A + B)	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%
Pasivo					
A) Patrimonio neto	89,51%	89,44%	92,74%	92,54%	51,11%
A-1) Fondos propios	89,51%	89,44%	91,89%	88,49%	44,51%
I Capital	41,06%	38,94%	40,09%	32,31%	19,96%
III Reservas	8,21%	7,79%	8,02%	6,46%	33,92%
IV (Accións e participacións en patrimonio propias)	-18,44%	-17,49%	-18,00%		-0,25%
V Resultados de exercicios anteriores	63,46%	60,03%	61,70%	49,01%	-10,24%
VII Resultado do exercicio	-2,22%	0,16%	0,09%	0,71%	0,02%
VIII (Dividendo a conta)	-2,57%				-0,03%
A-2) Axustes por cambios de valor					
A-3) Subvencións, donacións e legados recibidos			0,85%	4,05%	6,60%
B) Pasivo non corrente					40,05%
C) Pasivo corrente	10,49%	10,56%	7,26%	7,46%	8,84%
II Débedas a curto prazo	0,18%	3,12%	1,46%	2,77%	3,54%
IV Acreedores comerciais e outras contas a pagar	10,31%	7,44%	5,79%	4,70%	5,09%
Total patrimonio neto y pasivo (A + B + C)	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%

Táboa 19: Porcentaxes verticais do balance de situación da empresa 2010-2013 e do sector 2013. Elaboración propia a partir de datos extraídos de la base de datos Sabi

En canto ás porcentaxes verticais, a composición da empresa difire significativamente dos valores do sector.

O ANC da empresa durante o período analizado cae significativamente ata situarse nun valor que representa en 2013 case a metade do existente en 2010. En canto a composición dentro do ANC, pertence principalmente ao inmovilizado materia. En canto á evolución, salvo durante 2010-2011, a tendencia é a unha caída do ANC. Comparando a empresa co sector existe unha gran diverxencia, pois mentres no ano 2013 o ANC da empresa se sitúa nun 17,42%, no sector representaba o 70,36%. A pesar desta diferenza, o inmovilizado material tamén é a partida máis importante dentro do ANC.

No referente ao AC, ocorre ao contrario do ANC. Coa excepción do período 2010-2011, o AC aumenta durante o citado período. O AC representaba en 2010 case o 70% e no 2013 pasara a representar aproximadamente o 83%. As principais partidas do AC son as existencias e os debedores comerciais. As existencias, en termos globais durante o período analizado, aumentan, ao igual que ocorre cos debedores. Se

comparamos estes datos cos da empresa, observamos como o AC na empresa representa un 82,58% no ano 2013 pero no sector tan só representa 29,64%. A pesar da diferenza no peso do AC no total do activo, segue conservándose a tendencia que se observaba no sector, pois as principais partidas seguen sendo as existencias e os debedores comerciais.

En canto á estrutura financeira, finánciase principalmente mediante recursos propios, o PN representa o 89,5% do total de activo e os recursos alleos tan só representan o 10,5%. A empresa non conta con recursos alleos a l/p. Isto, en comparación co sector mostra unha gran diferenza, pois o sector financiábase metade con recursos propios e metade alleos.

Non hay axustes por cambios de valor durante o período analizado e tan só posuía subvencións, donazóns e legados recibidos nos anos 2010-2011 no seu PN. A principal partida dentro do PN son os fondos propios, e dentro deste, o capital e os resultados de exercicios anteriores. En termos xerais, tanto o capital como o resultado de exercicios anteriores aumentou. É importante como no ano 2013 aparece un dividendo a conta, así como un resultado de exercicio negativo. En comparación co sector, observamos como as reservas, seguidas do capital son as partidas máis significativas, representando un 34% e un 20%, respectivamente. Outra diferenza que podemos observar e como o resultado de exercicios anteriores na empresa é positivo de aproximadamente 64%, e no sector é negativo de -10%. Tamén vemos como o resultado do exercicio na empresa é negativo de -2.22%, e no sector é positivo, pero case inexistente (0,02%).

O PC permanece constante durante 2010-2011, aumenta cara o 2012 e permanece aproximadamente constante no 2013. O peso do PC é do 10,49% namentres que no sector é de case un 9%. Se nos centramos nas principais partidas, na empresa son os acredores comerciais que case representa o total do PC (10,49%). Sen embargo no sector, aínda que é a partida máis importante segue a ser a dos acredores o seu porcentaxe respecto do total de activo é de 5%.

	JESÚS PORTELA E HIJOS				SECTOR
Cuenta de perdás e ganancias	2013	2012	2011	2010	2013
1. Importe neto da cifra de negocios	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%
2. Variación de existencias de productos terminados e en curso de fabricación				56,51%	3,48%
4. Aprovisionamentos	-16,53%	-9,67%	1,49%	-31,36%	-43,44%
5. Outros ingresos de explotación				0,74%	0,91%
6. Gastos de persoal	-47,94%	-45,77%	-67,00%	-70,08%	-27,14%
7. Outros gastos de explotación	-20,86%	-26,58%	-23,76%	-47,54%	-23,14%
8. Amortización do inmovilizado	-17,86%	-16,39%	-21,55%	-10,62%	-10,34%
9. Imputación de subvencións de inmovilizado non financeiro e outras		1,83%	11,04%		3,59%
11. Deterioro e resultado por enaxenacións do inmovilizado	-0,74%			4,79%	0,28%
A) Resultado de explotación (1 + 2 + 3 + 4 + 5 + 6 + 7 + 8 + 9 + 10 + 11 + 12)	-3,93%	3,42%	0,22%	2,43%	5,26%
13. Ingresos financeiros	0,01%		0,14%	0,93%	1,47%
14. Gastos financeiros	-0,55%	-2,94%	-0,05%	-0,22%	-3,75%
B) Resultado financeiro (13 + 14 + 15 + 16 + 17)	-0,55%	-2,94%	0,09%	0,71%	-4,80%
C) Resultado antes de impostos (A + B)	-4,48%	0,48%	0,31%	3,14%	0,46%
18. Impostos sobre beneficios		-0,12%	-0,08%	-0,63%	-0,41%
D) Resultado do exercicio (C + 18)	-4,48%	0,36%	0,24%	2,51%	0,05%

Táboa 20: Porcentaxes verticais da conta de perdás e ganancias da empresa 2010-2013 e do sector 2013. Elaboración propia a partir de datos extraídos de la base de datos Sabi

Na táboa anterior vemos como hai variacións importantes durante os anos analizados. Por unha parte vemos como tan só había variación de existencias no ano 2010.

Cabe destacar os aprovisionamentos positivos no 2011. Se analizamos a evolución 2010-2013, caeu o valor dos aprovisionamentos, pasando de representar o 31% en 2010 a 17% en 2013. Este valor no sector era de 43.44% no ano 2013.

Os gastos de persoal, en relación ao INCN, perden peso pasando de 70,08% en 2010 a 48% en 2013. Esta partida significaba o 27,14% no sector no ano 2013.

A partida de outros gastos de explotación representa aproximadamente o 21% na empresa en 2013 namentres que no sector representaba o 23,14%.

Tanto os ingresos financeiros como os gastos financeiros non chegan a representar o 1% do total do INCN. En termos globais, a evolución que sufriron ambas partidas foi negativa, pois os ingresos financeiros diminuíron e os gastos financeiros aumentaron. Se miramos o sector, as partidas representaban o 1% e o 3%, respectivamente.

A tendencia do resultado de explotación, resultado financeiros, resultado antes de impostos e resultado do exercicio é a mesma nesta empresa, pois durante o período a analizar caeu o valor das citadas partidas. Dado que como xa observamos anteriormente, o resultado do exercicio no ano 2013 foi negativo, non temos impostos

sobre beneficios nese ano, polo que resultado antes de impostos e resultado do exercicio coinciden. Se comparamos os datos cos do sector, observamos que no ano 2013 o resultado do exercicio foi de -4,48% en relación ao total do INCN e no sector fora positivo de 0,05%.

	JESUS PORTELA E HIJOS				SECTOR
	2013	2012	2011	2010	2013
Balance de situación					
Activo					
A) Activo non corrente	45,24%	66,16%	88,62%	100%	140,61%
I Inmobiliado intanxible		34,20%	67,10%	100%	278,28%
II Inmobiliado material	45,98%	67,21%	90,01%	100%	105,52%
V Inversións financeiras a longo prazo				100%	315,31%
B) Activo corrente	93,21%	90,25%	77,10%	100%	93,62%
I Existencias	126,17%	126,17%	126,17%	100%	104,27%
II Deudores comerciais y otras cuentas a cobrar	123,70%	128,57%	72,78%	100%	91,13%
IV Inversións financeiras a curto prazo	7,69%	6,30%	10,20%	100%	76,10%
VI Efectivo e outros activos líquidos equivalentes	100,07%	18,65%	82,73%	100%	105,15%
Total activo (A + B)	78,67%	82,95%	80,59%	100%	122,40%
Pasivo					
A) Patrimonio neto	76,11%	80,17%	80,77%	100%	101,66%
A-1) Fondos propios	79,59%	83,84%	83,69%	100%	102,36%
I Capital	100,00%	100,00%	100,00%	100%	103,14%
III Reservas	100,00%	100,00%	100,00%	100%	135,12%
IV (Accións e participacións en patrimonio propias)					39,54%
V Resultados de exercicios anteriores	101,88%	101,60%	101,46%	100%	239,22%
VII Resultado do exercicio	-244,49%	18,95%	10,06%	100%	0,63%
A-2) Axustes por cambios de valor					
A-3) Subvencións, donacións e legados recibidos			16,97%	100%	97,18%
B) Pasivo non corrente					320,73%
C) Pasivo corrente	110,51%	117,38%	78,33%	100%	46,68%
II Débedas a curto prazo	4,99%	93,59%	42,63%	100%	62,22%
IV Acredores comerciais e outras contas a pagar	172,62%	131,38%	99,34%	100%	90,10%
Total patrimonio neto e pasivo (A + B + C)	78,67%	82,95%	80,59%	100%	122,40%

Táboa 21: Porcentaxes horizontais do balance de situación da empresa 2010-2013 e do sector 2013. Elaboración propia a partir de datos extraídos de la base de datos Sabi

O total de activo cae nun 25% durante o período analizado pola caída do ANC, máis concretamente polo inmovilizado intanxible que no ano 2013 é 0. En canto ao AC, aínda que sofre diversas variacións ao longo do período, en termos globais cae un 7%, pola caída das inversións financeiras a c/p que pasaron a representar menos do 8% en 2013. As existencias, pola súa parte, tras o aumento no ano 2011, mantívose constante ata o 2013. Os debedores comerciais, en termos globais, aumentaron un 24%. Sen embargo, o efectivo, a pesar de que durante 2010-2012, cae significativamente, no 2013 reponse situándose próximo ao valor inicial. Se o análise o facemos comparando a empresa co sector no ano 2013, podemos observar como:

- ANC da empresa caeu situándose en valores inferiores a metade, namentres que no sector aumentou case a metade.
- Inmobiliado intanxible desapareceu na empresa e no sector duplicouse.
- A empresa non conta con inversións financeiras a l/p pero o sector triplicou esta partida.
- As existencias na empresa aumentaron un 26% e o sector só o fixo un 4%.
- Os debedores a cobrar caeron no sector en relación ao ano base 2010, pero a partida na empresa aumentou case un 24%.
- As inversións financeiras a c/p caeron no sector, pero na empresa a caída foi moito máis significativa.

Pola súa banda, o PN reduciu o seu peso en relación ao ano base en case un 25%, sen embargo o PC aumentou un 11%. Se observamos o sector, o PN case non varía, o PNC (que a empresa non posúe) triplícase e o PC redúcese á metade.

A variación máis significativa no PN é o resultado do exercicio que caeu ata situarse en -244,49%, sendo ésta a principal causa da caída do PN. Esta partida representaba no sector o 0,63%, que aínda que é case insignificante é positivo, mentres que no sector é moi significativa a caída.

O referente ao PC, as débedas a c/p caeu ata situarse no 5% en relación ao ano base e os acredores comerciais aumentaron ata situarse nun 172,62%. Dado que o crecemento dos acredores é máis significativo, é o causante do aumento do PC. Estas partidas no sector representaban 62,22% e 90,10% respectivamente.

	JESÚS PORTELA E HIJOS				SECTOR
Cuenta de perdas e ganancias	2013	2012	2011	2010	2013
1. Importe neto da cifra de negocios	137,25%	132,44%	107,21%	100,00%	101,26%
4. Aprovisionamentos	72,35%	40,85%	-5,08%	100,00%	121,84%
5. Outros ingresos de explotación				100,00%	208,45%
6. Gastos de persoal	93,90%	86,49%	102,50%	100,00%	112,31%
7. Outros gastos de explotación	60,22%	74,03%	53,57%	100,00%	107,02%
8. Amortización do inmovilizado	230,83%	204,35%	217,59%	100,00%	94,88%
9. Imputación de subvencións de inmovilizado non financeiro e outras					75,75%
11. Deterioro e resultado por enaxenacións do inmovilizado	-21,17%			100,00%	25,45%
A) Resultado de explotación (1+2+3+4+5+6+7+8+9+10+11+12)	-221,86%	186,27%	9,68%	100,00%	41,79%
13. Ingresos financeiros	1,26%		16,48%	100,00%	80,64%
14. Gastos financeiros	345,83%	1774,81%	23,35%	100,00%	200,08%
B) Resultado financeiro (13+14+15+16+17)	-105,46%	-549,68%	14,35%	100,00%	277,75%
C) Resultado antes de impostos (A+B)	-195,59%	20,21%	10,73%	100,00%	4,24%
18. Impostos sobre beneficios		25,26%	13,42%	100,00%	14,31%
D) Resultado do exercicio (C+18)	-244,49%	18,95%	10,06%	100,00%	0,63%

Táboa 22: Porcentaxes horizontais da conta de perdas e ganancias da empresa 2010-2013 e do sector 2013. Elaboración propia a partir de datos extraídos de la base de datos Sabi

Como podemos observar na táboa anterior, o INCN aumentou durante o período analizado un 37,25%. Se observamos o sector, este incremento foi moito menor, tan só un 1,25%. O incremento producido na nos gastos da empresa en

porcentaxe foi causado, principalmente polo incremento da amortización da amortización do inmovilizado, que se duplicou.

A partida de aprovisionamentos caeu na empresa caeu o 28%, mentres que o sector aumentou o 21%.

Os gastos de persoal caeron na empres, sen embargo, no sector esta partida aumentou.

O resultado de explotación, resultado antes de impostos e resultado do exercicio, caeu na empresa situándose en valores negativos respecto do ano base, pero sen embargo no sector, aínda que caeu non chegou a obter valores negativos.

O resultado financeiro da empresa caeu significativamente alcanzando valores negativos de máis de -100%, na mentres que no sector o valor case se triplicou.

O resultado do exercicio foi moi negativo en *Jesús Portela e Hijos*, pero no sector, como xa comentamos anteriormente, é case nulo, pero positivo (0,63%).

3.3. Situación financeira a c/p

3.3.1. Fondo de rotación

FONDO DE ROTACIÓN	2.013	2.012	2.011	2.010
Fondo de Rotación	664.813	634.658	561.382	729.521
Fondo de Rotación de Explotación	688.318	699.504	540.642	525.314
Fondo de Rotación Alleo	-23.746	-64.847	2.852	166.690

Táboa 23: Fondo de rotación da empresa JPcH 2010-2013- Elaboración propia a partir de datos extraídos de la base de datos Sabi

Fondo Rotación: AC-PC
 Fondo Rotación Explotación: Existencias+Clientes-Proveedores
 Fondo Rotación Alleo: Dipoñible-(PC-Provedores)

As necesidades de financiación do ciclo de explotación (FRE) aumentaron, en termos globais, ao longo do período analizado. Este aumento é debido ao incremento da actividade da empresa, pois incrementáronse os clientes e as existencias entre 2010-2013. O incremento dos provedores foi menos significativo polo que en definitiva, o FRE aumentou. Así mesmo, o valor negativo do FRA nos dous último anos indícanos que estamos ante unha empresa en desequilibrio.

Por outro lado, o fondo de rotación indícanos que a empresa é capaz de facer fronte as súas débedas a c/p co total de AC, a pesar de sufrir diversas variacións ao longo do período, o resultado obtido en 2013 é menor que o alcanzado en 2010.

3.3.2. Ratios a c/p

RATIOS	2.013	2.012	2.011	2.010	2.013
Ratio de Solvencia	7,88	7,18	9,19	9,34	3,35
Ratio de Liquidez	3,86	3,40	3,52	5,82	1,98
Ratio de Tesourería	0,60	0,21	0,81	2,91	0,52

Táboa 24: Ratios a c/p de JPeH 2010-2013 e do sector de 2013. Elaboración propia a partir de datos extraídos de la base de datos Sabi

Ratio de Solvencia: AC/PC
 Ratio de Liquidez: $((AC-Existencias)/PC)$
 Ratio de Tesourería: $Dispoñible/PC$

A evolución da ratio de solvencia é decrecente ó longo deste período pero presenta un valor superior a unidade. A solvencia indica, igual que o fondo de rotación global, que a empresa tendo en conta todo o AC é capaz de facer fronte as súas débedas a c/p.

Se non temos en conta as existencias, o valor da ratio é inferior, o que nos está a indicar que a empresa ten existencias no seu balance. En canto ó comportamento desta ratio é moi inestable pero se o analizamos en termos globais, o valor reducíuse. A súa evolución, ao igual que ocorría no sector, é parella a do ratio de solvencia.

Por último, o ratio de tesourería indícanos que a empresa sofre pequenos problemas de liquidez, pois o ratio é inferior ao 1% dende o ano 2011, pois no ano 2010 o seu valor era próximo a 3.

Se comparamos os valores da empresa cos do sector, vemos como os RL e RS da empresa toman valores que equivalen aproximadamente ao valor acadado polo sector, polo que tanto a solvencia como a liquidez son mellores na empresa que no sector. Sen embargo, se observamos o ratio de tesourería, aínda que a empresa segue tendo un ratio superior ao do sector, a diferenza é menor.

3.3.3. Rotacións e prazos

Para o cálculo da rotación de existencias seguimos o mesmo procedemento que o explicado anteriormente no sector.

ROTACIÓNS	2.013	2.012	2.011	2.010	SECTOR 2013
Rotación existencias	1,21	1,12	1,13	2,33	3,11
Rotación clientes	1,42	1,78	1,85	3,06	3,85
Rotación provedores	4,72	2,64	-	-	2,89

Táboa 25: Rotacións de JPeH 2010-2013 e sector 2013. Elaboración propia a partir de datos extraídos de la base de datos Sabi

Rotación de Existencias: Consumo/existencias medias
 Rotación de Clientes: Ventas/Clientes Medios
 Rotación de Proveedores: Compras/Proveedores Medios

PRAZOS	2.013	2.012	2.011	2.010	SECTOR 2013
Prazo venta (Pv)	296,87	322,64	317,18	154,21	115,89
Prazo cobro (Pc)	253,31	202,30	194,22	117,57	93,62
Prazo pago (Pp)	76,34	136,31	--	----	124,36
Período Medio de Maduración Técnico	550,18	524,94	511,40	271,78	209,51
Período Medio de Maduración Financeiro	473,84	388,62	--	271,78	333,87

Táboa 26: Prazos de JPeh 2010-2013 e sector 2013. Elaboración propia a partir de datos extraídos de la base de datos Sabi

Prazo de venta: 360/Rotación de existencias
 Prazo de cobro: 360/Rotación de clientes
 Prazo de Pago: 360/Rotación de Proveedores
 Período Medio de Maduración Técnica: Pv+Pc
 Período Medio de Maduración Financeiro: Pv+Pc-Pp

A rotación de existencias cae durante o período 2010-2012, pero finalmente, no ano 2013 aumenta, aínda que é menor que o ano 2010. O prazo de venta segue unha tendencia oposta á rotación, polo que aumenta. En cambio a rotación de clientes diminúe durante todo o período analizado, pasando de representar o 3,06 no ano 2010 ao 1,42 no 2013, como consecuencia dun aumento dos clientes maior que o producido nas vendas nese mesmo período. Se o que observamos é o prazo de cobro, este aumenta durante o período analizado, transformándose nun aspecto negativo para a empresa, pois os clientes tardan máis en pagar, por exemplo en 2013 eran 254 días. Sen embargo, isto pode ser unha vantaxe para os clientes, pois se a empresa lle concede máis prazo para realizar o pago, probablemente queiran comprar máis. Se analizamos a rotación de provedores, vemos como no ano 2010 non a podemos calcular, pois non tiñamos provedores no balance e no ano 2011, con aprovisionamentos positivos, non ten sentido calculalo. A partir dese momento, a tendencia é crecente, polo que o prazo de pago diminúe, converténdose noutro aspecto negativo para a empresa, pois o prazo de pago a provedores é menor.

O PMMT e PMMF, coinciden no ano 2010 e 2011, pois non hai prazo de pago. Posteriormente a súa evolución é crecente en ambos conceptos. O aumento de PMMT e PMMF é negativo para a empresa.

3.4. Situación financeira a l/p

RATIOS	2.013	2.012	2.011	2.010	SECTOR 2013
Ratio Garantía	9,54	9,47	13,78	13,40	2,05
Ratio Endebedamento a corto prazo	0,12	0,12	0,08	0,08	0,17
Ratio Endebedamento a largo prazo	0,00	0,00	0,00	0,00	0,78
Ratio Endebedamento Xeral	0,12	0,12	0,08	0,08	0,96

Táboa 27: Ratios a l/p de JPeH 2010-2013 e sector 2013. Elaboración propia a partir de datos extraídos de la base de datos Sabi

Ratio de Garantía: Activo/Pasivo
 Ratio de Endebedamento a c/p: PC/PN
 Ratio de Endebedamento a l/p: PNC/PN
 Ratio de Endebedamento Xeral: Pasivo/PN

O ratio de garantía non segue unha evolución clara, pero en comparativa entre 2010 e 2013, reduciuse. Aínda que esta caída sexa negativa, segue sendo un ratio moi positivo para a empresa, pois co total dos activos, a empresa é capaz de facer fronte as súas débedas. En comparación co sector, o valor da empresa equivale 4 veces ao do sector, o que nos está a indicar que a empresa pode facer fronte as débedas de mellor maneira que o sector.

En canto á evolución do ratio de endebedamento, observamos na táboa, ao igual que o comentamos anteriormente, que a empresa non contén débeda a l/p, polo que o endebedamento xeral coincide co endebedamento a c/p. Este ratio aumentou entre 2011-2012, no resto de anos mantíñase constante con respecto ao ano anterior. O endebedamento da empresa a c/p é menor que no sector (0,12 fronte a 0,17 respectivamente). Se comparamos o endebedamento xeral, a empresa segue sendo de 0,12 namentres que no sector é de 0,96.

3.5. Análise da rendibilidade

3.5.1. Rendibilidade económica

RENTABILIDADE ECONÓMICA	2.013	2.012	2.011	2.010	SECTOR 2013
Rentabilidade económica	-0,0189	0,0157	0,0012	0,0095	0,0151
Marxe/Ventas	-0,0393	0,0342	0,0036	0,0336	0,0421
Rotación Activos	0,4821	0,4598	0,3371	0,2839	0,3574

Táboa 28: Rendibilidade económica de JPeH 2010-2013 e do sector 2013. Elaboración propia a partir de datos extraídos de la base de datos Sabi

Rendibilidade económica: BAIT/ATMedio
 Marxe/Ventas: BAIT/Ventas
 Rotación activos: Ventas/ATMedio




Gráfico 10: Rendibilidade económica de JPeH 2010-2013 e sector 2013. Elaboración propia a partir de datos extraídos de la base de datos Sabi

A empresa presenta unha caída da rendibilidade económica durante o período analizado. No ano 2010 a rendibilidade era de 0,01, posteriormente sería practicamente nula, sendo finalmente negativa en 2013 (-0,02). A rendibilidade negativa de 2013 é consecuencia da caída do marxe/ventas así como do aumento da rotación de activos. Que sexa negativa quere dicir que a empresa está a ter perdas, pois do total invertido pola empresa o 2% convértese en perda.

Se comparamos este dato co do sector, vemos como o sector estaba a ser rentable, pois o seu valor era de 0,02, é dicir, do total invertido na empresa, o 2% convértese en beneficios para o sector.

3.5.2 Rendibilidade financeira

RENDIBILIDADE FINANCEIRA	2.013	2.012	2.011	2.010	SECTOR 2013
Rendibilidade financeira	-0,0241	0,0018	0,0009	0,0077	0,0003
BN/Ventas	-0,0448	0,0036	0,0024	0,0251	0,0005
Ventas/ATMedio	0,4821	0,4598	0,3371	0,2839	0,3574
ATMedio/PNMedio	1,1176	1,0981	1,0796	1,0807	1,9017

Táboa 29: Rendibilidade financeira de JPeH 2010-2013 e do sector 2013. Elaboración propia a partir de datos extraídos de la base de datos Sabi




Gráfico 11: Rendibilidade financeira de JPeH 2010-2013 e sector 2013. Elaboración propia a partir de datos Sabi

A rendibilidade financeira indica a rendibilidade que obteñen os accionistas pola súa inversión na empresa e presenta valores entre un 1% e -2,5%. No ano 2013, os accionistas obteñen unha rendibilidade negativa, é dicir, non recuperan a súa inversión, se non que perden o 2,41% do PN.

A rendibilidade e o beneficio entre as vendas da empresa son negativas pero a do sector non, polo que a rendibilidade da empresa é peor que a do sector, aínda que a do sector segue sendo moi baixa (próxima a 0)

Tanto as vendas en relación ao activo total e o activo total en relación ao PN aumentaron durante o período analizado, polo que, o BN en relación as vendas é a consecuencia de que a rendibilidade financeira acade o valor observado.

3.5.3. Efecto panca

EFFECTO PANCA	2.013	2.012	2.011	2.010	SECTOR 2013
Efecto Panca	-0,0053	-0,0108	-0,0001	0,0001	-0,0108
Re-imediao	-0,0451	-0,1106	-0,0013	0,0012	-0,0120
PasivoMedio/PNMedio	0,1176	0,0981	0,0796	0,0807	0,9017

Táboa 30: Efecto panca de JPeH 2010-2013 e do sector 2013. Elaboración propia a partir do datos de Sabi

$$\text{Efecto Panca: (Re- i medio) * (Pasivo Medio/PN)}$$

O efecto panca é negativo nos anos 2011, 2012 e 2013, isto é porque a rendibilidade económica é menor que o tipo de xuro. O ano 2010 é positiva pero presenta un valor practicamente nulo. A existencia dun efecto panca fai caer a rendibilidade financeira ata valores moi baixos, o que fai que a empresa non sexa interesante para futuros accionistas.

Con respecto ó pasivo medio/PN medio aumenta ao longo do período e foi aumentando ao longo dos últimos anos, o que nos indica que a empresa viu encrementado o seu endebedamento, pero segue sendo baixo e menor que o do sector. A pesar de ter un imedio pequeno, dado que a rentabilidade económica é moi pequena ou negativa, apenas hai efecto panca ou é negativo.

En relación co sector, este mostra un valor de -1,08%, o que ademais de ser negativo é un mal resultado, polo que non se observa moita diferenza entre a empresa e o sector.

3.6. Análise do risco financeiro

APALANCAMENTO FINANCEIRO	2.013	2.012	2.011	2.010	SECTOR 2013
Apancamento financeiro (BAIT/BAT)	0,88	7,14	1,15	1,07	14,61
Cobertura de Xuros por resultado (BAIT/GF)	-7,09	1,16	7,58	15,31	1,80

Táboa 31 :Apancamento financeiro de JPeH 2010-2013 e do sector 2013. Elaboración propia a partir base de datos Sabi

Apancamento financiero: BAIT/BAT

Cobertura de Xuros por resultado: BAIT/GF

O apancamento financeiro da empresa aumentou durante o período 2010-2012, pero no ano 2013 cae alcanzado un valor inferior incluso ao de 2010. A pesar da caída do último ano, o valor é positivo e próximo a 0,90 o que significa que a empresa está endebedada. O valor tan desmesurado acadado en 2012 é consecuencia do aumento dos gastos financeiros. A caída de 2013 foi consecuencia tanto da caída do BAIT como do BAT que alcanzan valores negativos, pero o que maior peso tivo foi o BAIT. O valor que obtivo o sector é moi dispar co da empresa, pois a empresa atópase moi endebedada no l/p, na mentres que a empresa non presenta débeda a l/p.

Analizando a cobertura de xuros por resultado da táboa anterior, vemos que caeu excesivamente no período analizado, pois en 2010 obtivera un valor de 15,31 e en 2013, ademais de volveuse negativo, o seu valor é de -7,09. A consecuencia de que o valor de 2013 fose negativo é polo BAIT, pois no ano 2013, como antes analizamos tiña un valor negativo. Isto significa que en 2013 o BAIT non é capaz de facer fronte aos gastos financeiros aos que se enfronta a empresa polo seu financiamento alleo. Sen embargo no sector este resultado é mellor, pois acada un valor positivo de 1,80, polo que o sector é quen de facer fronte aos gastos financeiros e obter unha marxe de seguridade para atender aos intereses que a empresa non posúe.

Conclusións e ampliación

Jesús Portela e Hijos é unha empresa pertencente ao sector acuícola, máis concretamente do sector do mexillón, que actualmente en Galicia está a sufrir certos problemas, pois nos últimos anos estanse producindo as denominadas mareas vermellas que están impedindo que se poida recoller as capturas deste molusco durante varios días ou incluso meses prexudicando ao sector, a pesar de que, como por exemplo ocorreu no último ano, a produción se recuperase no último mes.

A análise da empresa e a súa comparación cos datos do sector permítenos chegar as seguintes conclusións sobre a situación:

- ❖ Tanto a empresa *Jesús Portela e Hijos* como o sector aumentaron as súas vendas durante o período analizado. Ademais, a empresa aumenta as existencias, o que mostra a existencia de problemas para vender. O sector mostra como o seu PNC se triplicou durante o período analizado, namentres na empresa se reduciu á metade.
- ❖ No sector, o total de activo aumentaba durante o período analizado, pero na empresa diminuíu, principalmente porque no último ano non ten inmovilizado intanxible no balance e pola caída do inmovilizado material.
- ❖ A empresa, ao contrario que o sector, non ten débeda a l/p. O sector contaba cunha financiación allea ao sector e a l/p moi significativa, pois era do 40%, e como estamos a indicar, a empresa non conta con financiación allea a l/p e a de c/p tan só é do 10%. Ademais, a empresa estaba menos endebedada que o sector en termos xerais (0,12 fronte a 0,96).
- ❖ Tanto o grupo de referencia como *Jesús Portela e Hijos* son capaces de facer fronte as súas débedas a c/p co total de activo; pero no que respecta á liquidez están tendo unha tendencia oposta. O RL do sector está a aumentar namentres que na empresa está a diminuír. Isto é prexudicial para a empresa e pode ser debido aos problemas cas rotacións e cos prazos, xa que á hora de vender, están a conceder maior prazo de cobro aos clientes e as provedores ofrécenlles unhas condicións máis desfavorables.
- ❖ No referente aos prazos, o sector ten un prazo de venta que estaba a reducirse, o que é beneficioso, pois tárdase menos en vender as existencias, sen embargo, na empresa o prazo é maior. Se analizamos o prazo de cobro do sector, este

aumentou ao longo do período 2010-2012 e no 2013 caeu, pero segue tendo un valor alto, polo que se concede maior prazo de cobro aos clientes, o que é negativo. A empresa, pola súa banda, ten un prazo de cobro en aumento, concedendo tamén maior prazo aos clientes e converténdose noutro aspecto negativo.

- ❖ O prazo de pago do sector aumentou durante o 2010-2012, pero no 2013 reducíuse, polo que hai menos prazo para os pagos aos provedores. Así mesmo, a empresa durante 2012-2013 veu reducido o prazo de pago.
- ❖ A vantaxe coa que conta a empresa é que, ao posuír tan só débeda a c/p con acredores comerciais non xera xuros aínda que pode ter un custo implícito.
- ❖ A rendibilidade económica da empresa foi negativa no último ano, despois de ser practicamente nula no período 2011-2012, isto é debido á caída do marxe respecto das vendas, que tamén fora nulo no período 2011-2012 e negativo no 2013. Sen embargo, a rendibilidade do sector, foi positiva ao longo do período, que aínda que sen unha tendencia clara, mostra que no sector, tras o investimento están a obter beneficios.
- ❖ No referente á rendibilidade financeira, seguen a mesma tendencia que a económica, pero tanto no sector como na empresa, as variacións son consecuencia do BN en relación as vendas.
- ❖ Despois da análise dos datos obtidos a través dos cálculos realizados, podemos afirmar que a empresa ó longo deste período encóntrase nunha peor situación tanto en relación ao ano inicial do análise como en relación ao sector, polo que nela se ve reflectida a situación económica e financeira actual.

Bibliografía

- A Fundación (2013). *A economía galega. Informe 2013*. Afundación, Obra Social A Caixa. Recuperado de http://www.afundacion.org/docs/fundacion_publicaciones/PDF_A_Economia_Galega_Informe2013.pdf (Revisado 15/05/2015)
- Apromar (2014). *La acuicultura en España 2014*. Apromar, Esacua y Organización Productores y Pscicultores. Recuperado de https://drive.google.com/file/d/0B4_4E-v9oqL_SnBmUF9qU1BhdTQ/edit (Revisado 08/03/2015)
- Consejo del Mar de CEOE (2014). *Memorándum, los sectores empresariales relacionados con el mar en España*. Consejo del Mar de CEOE. Recuperado de http://www.ceoe.es/resources/image/memorandum_sectores_mar_espana_2014.pdf (Revisado 08/03/2015)
- Fernández Casal, J. (2013). *Acuicultura en Galicia: balance de 25 años y perspectivas para los siguientes 25*. Revista Aquatic, nº39, pp.11-22. Recuperado de http://www.revistaaquatic.com/aquatic/pdf/39_3.pdf (Revisado 08/03/2015)
- Gonzalez Laxe, F. (2004). *Acuicultura: producción, comercio y trazabilidad*. Recuperado https://books.google.es/books?id=tb_fk4ygc6IC&printsec=frontcover&hl=es&source=gbs_ge_summary_r&cad=0#v=onepage&q&f=false (Revisado 14/03/2015)
- Hei Grupo (2010). *Informe sector Acuicultura*. Hei Grupo, Organización de Productores y Pscicultores y Federación Agroalimentaria. Recuperado de http://www.is-ac.es/attachments/211_INFORME%20SECTOR%20ACUICULTURA%20CONTINENTAL.pdf (Revisado 14/03/2015).
- IGE (2015). *Análise do sector da Pesca*. Instituto Galego de Estadística. Recuperado de <http://www.ige.eu/estatico/pdfs/s3/publicaciones/AnaliseSectorPesca.pdf> (Revisado 15/03/2015)
- Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente (2013). *Plan estratégico plurianual de la Acuicultura Española 2014-2020*. Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente en colaboración con Fundación

Observatorio Español Acuicultura. Recuperado de http://www.magrama.gob.es/es/pesca/temas/acuicultura/1.Plan_estrategico_v.octubre_2014_tcm7-347270.pdf (Revisado 25/05/2015)

- Magrama (2015). *Dossier autonómico. Comunidad Autónoma de Galicia*. Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente. Recuperado de http://www.magrama.gob.es/es/ministerio/servicios/analisis-y-prospectiva/dossier_galicia_tcm7-183041.pdf (Revisado 25/05/2015)

Páxinas web consultadas:

Plataforma tecnolóxica Pesca, Xunta Galicia: <http://www.pescadegalicia.com/> (Revisado 11/06/2015)

FAO: <http://www.fao.org/aquaculture/es/> (Revisado 20/05/2015)

Consello Regulador do Mexillón de Galicia: <http://www.mexillondegalicia.org/> (Revisado 01/05/2015)

<http://www.mundoacuicola.cl/?cat=1&leermas=1&idnews=106&modulo=3> (Revisado 19/01/2015)

MERCASA:

http://www.mercasa.es/files/multimedios/1406496600_DISTRIBUCION_Y_CONSUMO_133_articulo_mejillon.pdf (Revisado 25/02/2015)

IGE: <http://www.ige.eu> (Revisado 05/04/2015)

Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente: <http://www.magrama.gob.es> (Revisado 10/03/2015)

Anexo

EMPRESAS QUE COMPOÑEN O GRUPO	
1	STOLT SEA FARM SA
2	ACUIDORO SL
3	MOLUSCOS RIAS BAIXAS SA
4	PISCICOLA DEL MORRAZO SA
5	LUSO -HISPANA DE ACUICULTURA SL
6	MARISCOS JOYFRA SL
7	CONSERVAS CRUZ MAR SA
8	MEJILLONES PILO SL
9	PISCEO SL
10	CULTIVOS MARINOS VILANOVA SL
11	MARCELINO ACUÑA SA
12	JESUS PORTELA E HIJOS SL
13	DASO MAR SL
14	RUANO E HIJOS SL
15	SANMARTIN RUANO E HIJOS SL
16	MEJILLONES JULIO SL
17	MEJILLONES BEL SL
18	LORANMAR SL
19	VIVEROS DE AROSA SA
20	MARISCOS PORTELAMAR SL
21	HERBELLO CORDEIRO SL
22	ISABEL MOREIRA SL
23	MEJILLONERAS ELEMONT SL
24	MARISCOS VIDAL CALVAR SL
25	OLVIMAR SL
26	OSTRAS DE ARES SL
27	MEJILLONES PAULINO SL
28	MEJILLONES JUNCAL SL
29	MEJILLONERAS MUÑIZ SL
30	MARISCOS SILVA SL
31	SAN BLAS MORRAZO SL
32	VENERUPISGAL S.L.
33	MEJILLONERAS TAMBO SL
34	MEJILLONERAS OTERO SL
35	MEJILLONERAS FROJAN SL
36	MEJILLONERAS RODRIGUEZ OTERO SL
37	GALICIAN MARINE AQUACULTURE SL
38	SEA SOLE ACUICULTURA SL
39	FONTE DONS SL
40	PROMOCIONES E INVERSIONES LOS PAZOS SL
41	PLAYA DE BORNALLE SL
42	ZARAY MOREDA SL
43	GOMEZ Y ORDOÑEZ SL
44	ALMEJA RIA DE AROSA SL
45	ALGAFRES SL
46	PLIRASA SL
47	MEJILLONES CARMELA SL
48	MEJILLONERAS JUAN FORMOSO SL
49	MEJILLONES NODALES SL
50	FERGARPI S.L.
51	BATEAS PRIETO SL
52	MARISCOS PISCIS SL
53	NORTH WEST FOOD SL
54	PESQUERA SAN MAURO SL
55	SOCIEDAD ANONIMA DE ACTIVIDADES PISCICOLAS Y ACUICULTURA PYAC.